
**CONSELLO CONSULTIVO
DE GALICIA**

**MEMORIA
2010**





CONSELLO CONSULTIVO
DE GALICIA

MEMORIA
2010



D.L.: C 1201-2011

Imprime:
TÓRCULO ARTES GRÁFICAS, S.A.

CONSELLO CONSULTIVO DE GALICIA

MEMORIA DO ANO 2010

que o Consello Consultivo de Galicia en Pleno eleva ao Consello da Xunta de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 14 da Lei 9/1995, do 10 de novembro.



SANTIAGO DE COMPOSTELA, 2010

ÍNDICE

	Páxinas
I- INTRODUCCIÓN	11
II- O CONSELLO CONSULTIVO DE GALICIA	13
1.- Composición a 31 de decembro de 2010	15
1.1.- Incorporación de conselleiros natos	16
2.- Normativa reguladora	17
3.- Medios	17
3.1.- Persoal	17
3.2.- Orzamento 2010	18
III- ACTIVIDADE CONSULTIVA	21
1.- Datos estatísticos relativos aos ditames emitidos	22
1.1.- Clasificación dos asuntos por órgano solicitante	22
1.2.- Clasificación dos ditames por materias	32
1.3.- Conclusión ou sentido final dos ditames	33
1.4.- Comunicación das resolucións	34
1.5.- Fórmula de incorporación dos ditames	35
1.6.- Consultas formuladas polo trámite de urxencia	35
1.7.- Ditames aprazados	35
1.8.- Relación de ditames (anexo, páxina 91)	35
2.- Sesións realizadas no ano 2010	36
IV- ACTIVIDADE NON CONSULTIVA	39
1.- Publicación dos ditames	41
2.- Páxina web	42
3.- I Encontro Galego dos Consellos Consultivos do Camiño de Santiago	42
4.- Xornadas e seminarios	45
3.1.- Curso “ <i>A lex artis e as súas alternativas como criterio determinante da responsabilidade patrimonial da administración sanitaria</i> ”	45
3.2.- Curso “ <i>A función de control da Administración consultiva: o Consello Consultivo de Galicia e as administracións locais</i> ”	46

3.3.- Curso “A función de control da Administración consultiva: o Consello Consultivo de Galicia”	48
5.- Actos e actividades institucionais	49
6.- Practicum da Facultade de Dereito da Universidade de Santiago de Compostela	51
7.- Memoria anual de actividades	52
V- CATORCE ANOS DE FUNCIÓN CONSULTIVA	53
1.- Datos estatísticos relativos aos expedientes ditaminados durante o período 1996 - 2010	55
1.1.- Histórico por número de expedientes e administración de procedencia	55
1.2.- Expedientes 1996-2010: comparativa por administracións	56
1.3.- Histórico por materias	57
VI.- OBSERVACIÓNS E SUXESTIÓNS	59
1.- Proxectos normativos	61
1.1.- O galego no ensino non universitario	61
1.2.- A declaración responsable como mecanismo de control <i>a priori</i> , a propósito da prestación de servizos de identificación do gando bovino, ovino e cabrún	74
2.- Revisión de oficio e litispendencia	77
3.- Contratos administrativos e concesións administrativas	81
3.1.- Caducidade por inactividade da Administración nos procedementos de resolución dos contratos administrativos	81
3.2.- Prazo máximo para ditar resolución nos procedementos de declaración de caducidade das concesións administrativas	83
4.- Responsabilidade patrimonial das Administracións públicas	84
4.1.- A perda de oportunidade como concepto indemnizatorio distinto do lucro cesante	84
4.2.- Dous concretos supostos de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas: o <i>mobbing</i> e a declaración de ruína dun inmovible	87
4.3.- O principio de eficacia, coordinación e servizo aos cidadáns na tramitación dos expedientes de responsabilidade patrimonial	89
ANEXO (Índice numérico de ditames)	91

- I -

INTRODUCCIÓN

A presente memoria, correspondente ao ano 2010, foi aprobada polo Pleno do Consello Consultivo de Galicia en sesión celebrada trinta e un de marzo de dous mil once para a súa elevación ao Consello da Xunta de Galicia.

Conforme prevé o artigo 11 do Decreto 282/2003, do 22 de maio, a memoria recolle, en esencia, a actividade desenvolvida polo Consello Consultivo durante o ano 2010, no que se cumpren catorce anos dende a súa creación, comprendendo tamén, por tal razón, un resume deste período. Así mesmo recolle as observacións e suxestións que se estima oportuno realizar en relación cos actos e procedementos administrativos obxecto habitual de ditame.

- II -

O CONSELLO CONSULTIVO DE GALICIA



Xardíns do Pazo de Amarante, sede do Consello Consultivo de Galicia

1.- COMPOSICIÓN A 31 DE DECEMBRO DE 2010

- PLENO

Presidenta:

Dona M.^a Teresa Conde-Pumpido Tourón

Conselleiros electivos:

Don José Gonzalo de la Huerga Fidalgo

Don José Luis Costa Pillado

Don Francisco Javier D' Amorín Viéitez

Don Carlos Martínez-Buján Pérez

Conselleiros natos:

Don Gerardo Fernández Albor

Don Emilio Pérez Touriño

Secretaria Xeral:

Dona Ana María López Guizán

- SECCIÓNS

Sección Primeira

Presidenta:

Dona M.^a Teresa Conde-Pumpido Tourón

Conselleiros:

Don Francisco Javier D' Amorín Viéitez

Don Carlos Martínez-Buján Pérez

Don José Luís Costa Pillado

Secretario:

Don José Carlos López Corral

Sección Segunda

Presidente:

Don Gonzalo de la Huerga Fidalgo.

Conselleiros:

Don Francisco Javier D' Amorín Viéitez

Don Carlos Martínez-Buján Pérez

Don José Luis Costa Pillado

Secretario:

Don Juan José Gallego Fouz

1.1.- Incorporación de conselleiros natos

O artigo 4 da Lei 9/1995, do 10 de novembro, de creación do Consello Consultivo de Galicia, establece a composición, baixo a rúbrica de membros natos e membros electivos do Consello Consultivo de Galicia, a composición deste organismo:

“1. O Consello Consultivo de Galicia está integrado por conselleiras e conselleiros natos e conselleiras e conselleiros electivos.

2. Son conselleiras e conselleiros natos as expresidentas e os expresidentes da Xunta de Galicia”.

En virtude deste precepto, o expresidente da Xunta de Galicia don Emilio Pérez Touriño, por Resolución do 11 de marzo de 2010, se incorporou como conselleiro nato deste órgano

Recordemos que no ano 2007 incorporouse o expresidente da Xunta, don Gerardo Fernández Albor, tamén en calidade de conselleiro nato. O expresidente da Xunta, don Fernando González Laxe incorporouse ao Consello Consultivo o 1 de agosto de 2008. Como consecuencia do seu nomeamento para un cargo público, declarado incompatible, interrompeu o seu mandato, o cal foi efectivo por Resolución do 7 de maio de 2009.



Salón de sesións

2.- NORMATIVA REGULADORA

- Lei 9/1995, do 10 de novembro, do Consello Consultivo de Galicia (DOG núm. 229, do 20.11.1995); modificada pola Lei 12/2007, do 27 de xullo (DOG núm. 153, do 08.08.2007), e pola Lei 16/2008, do 23 de decembro (DOG núm. 253, do 31.12.2008).

- Decreto 282/2003, do 22 de maio, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do Consello Consultivo de Galicia (DOG núm. 120, do 23.06.2003).

- Resolución do 2 de decembro de 2009 pola que se fai público o acordo plenario polo que se establece o número, distribución de asuntos e composición das seccións deste organismo para o ano 2010.

3.- MEDIOS

3.1.- Persoal

De acordo co artigo 21 da Lei 9/1995, o Consello Consultivo de Galicia conta co seu propio corpo de letrados. O resto das prazas de persoal, correspondentes aos servizos de apoio, -segundo o artigo 23 da súa lei constitutiva-, son cubertas por persoal funcionario da Comunidade Autónoma.

Durante o ano 2010 o Consello Consultivo de Galicia contou co seguinte persoal:

Letrados e letradas

Don Juan José Gallego Fouz

Don Constantino Alvarelos Galve

Don Abelardo Blanco Serrano

Don Pablo José López Paz

Dona Ana M.^a López Guizán

Dona M.^a José Quintana Acebo

Don Manuel Cutrín Domínguez

Don José Carlos López Corral

Persoal de servizos de apoio

Servizo de Administración e Xestión

Don Juan Porrúa Pardal

Sección de Estudos e Comunicación

Dona Beatriz Rodríguez Fraga

Documentación e biblioteca

Dona María José Fábregas Valcarce

Servizos Administrativos

Don Manuel Novo López

Dona M.^a Dolores Tarrío Potel

Dona M.^a Dolores Matilde Fernández López

Dona M.^a del Carmen Paz Galván

Dona María Bargados Bargados

Dona Purificación Mauriz Montero

Dona M.^a del Carmen Betanzos Pérez

Don Francisco Javier Santos Pérez

Dona Carmen Sánchez Corral

3.2.- Orzamento 2010


No seu conxunto o orzamento do Consello Consultivo de Galicia para o ano 2010 ascendeu á cantidade de DOUS MILLÓNS DOUSCENTOS SETENTA E TRES MIL TRESCENTOS CORENTA E UN EUROS (2.273.341,00 €), o que supuxo unha lixeira minoración respecto do exercicio anterior dun -3,17 %.

- **Capítulo I.-** Gastos de persoal. Cuantifícanse, incluíndo Seguridade Social en UN MILLÓN SEISCENTOS SETENTA E TRES MIL SETECENTOS SESENTA E DOUS EUROS (1.673.762,00 €).

- **Capítulo II.-** Gastos correntes en bens e servizos. O orzamento deste capítulo para o exercicio 2010 ascende a CATROCENTOS TRES MIL CINCOCENTOS SETENTA E NOVE EUROS (403.579,00 €).

- **Capítulo VI.-** Inversións reais.- Deste capítulo o importe total para o ano 2010 sitúase en CENTO NOVENTA E SEIS MIL EUROS (196.000,00 €).

Capítulo I – Persoal (73.62%)	1.673.762,00 €
Capítulo II – Gastos correntes (17.75%)	403.579,00 €
Capítulo VI – Inversións (9.63%)	196.000,00 €
Total	2.273.341,00 €



- III -

ACTIVIDADE CONSULTIVA

1.- DATOS ESTADÍSTICOS RELATIVOS AOS DITAMES EMITIDOS

Durante o período xaneiro - decembro de 2010, solicitouse o parecer deste órgano en relación con **573** expedientes correspondentes ao referido ano, fronte ás 596 solicitudes de ditames demandadas no ano 2009.

1.1.- Clasificación dos asuntos por órgano solicitante

– ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA: 459

De acordo co Decreto 79/2009, do 19 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia:

Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza	16
Consellería de Facenda	8
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas	169
Consellería de Economía e Industria	3
Consellería de Educación e Ordenación Universitaria	37
Consellería de Sanidade	125
Consellería de Cultura e Turismo	3
Consellería de Traballo e Benestar	8
Consellería do Medio Rural	63
Consellería do Mar	25
Consortio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar	2
Total Administración Autónoma	459

– ADMINISTRACIÓN LOCAL: 109

Deputacións provinciais	1
Concellos	108
TOTAL	109

– ADMINISTRACIÓN UNIVERSITARIA: 5

Universidade da Coruña	2
Universidade de Santiago de Compostela	3
TOTAL	5

• TOTAIS EXPEDIENTES ANO 2010: 573

Administración Autonómica	459
Administración Local	109
Administración Universitaria	5
TOTAL	573

Dentro da clasificación dos asuntos examinados establecida en virtude da procedencia da solicitude dos ditames, a relación de ditames por materias solicitada por cada órgano é a que segue:

– ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA: 459

Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza: 16

Convenios e acordos de cooperación con outras CCAA: (1)

Proxectos de regulamentos: (9)

Revisións de oficio de actos administrativos: (1)

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: (3)

Deslindes entre termos municipais: (2)

Consellería de Facenda: 8

Revisións de oficio de actos administrativos: (5)

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: (3)

Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas: 169

Proxectos de regulamentos: (5)

Contratos administrativos. (1)

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: (163)

Consellería de Economía e Industria: 3

Proxectos de regulamentos: (3)

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria: 37

Proxectos de regulamentos: (25)

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: (12)

Consellería de Sanidade: 125

Convenios e acordos de cooperación con outras CCAA: (1)

Proxectos de regulamentos: (4)

Contratos administrativos. (1)

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: (119)

Consellería de Cultura e Turismo: 3

Proxectos de regulamentos: (3)

Consellería de Traballo e Benestar: 8

Convenios e acordos de cooperación con outras CCAA: (1)

Contratos administrativos: (3)

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: (4)

Consellería do Medio Rural: 63

Convenios e acordos de cooperación con outras CCAA: (1)

Proxectos de regulamentos: (3)

Recursos administrativos de revisión. (1)

Contratos administrativos. (2)

Revisións de oficio de actos administrativos: (1)

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: (54)

Consellería do Mar: 25

Proxectos de regulamentos: (2)

Recursos administrativos de revisión: (5)

Revisións de oficio de actos administrativos: (5)

Concesións administrativas: (2)

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: (11)

Consortio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar: 2

Contratos administrativos: (1)

Revisións de oficio de actos administrativos: (1)

– ADMINISTRACIÓN LOCAL: 109

Deputacións provinciais: 1

Deputación provincial da Coruña: 1

Contratos administrativos: (1)

Concellos: 108

Concello de A Coruña (A Coruña): 3

Contratos administrativos: (3)

Concello de Ames (A Coruña): 2

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: (1)

Consultas facultativas: (1)

Concello de Brión (A Coruña): 1

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: (1)

Concello de Cabana de Bergantiños (A Coruña): 1

Revisión de oficio de actos administrativos: (1)

Concello de Cambre (A Coruña): 1

Revisión de oficio de actos administrativos: (1)

Concello de Cedeira (A Coruña): 2

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: (2)

Concello de Cee (A Coruña): 2

Revisión de oficio de actos administrativos: (1)

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: (1)

Concello de Ferrol (A Coruña): 4

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: (4)

Concello de Mugardos (A Coruña): 1

Revisión de oficio de actos administrativos: (1)

Concello de Muros (A Coruña): 3

Revisión de oficio de actos administrativos: (2)

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: (1)

Concello de Narón (A Coruña): 1

Revisión de oficio de actos administrativos: (1)

Concello de Noia (A Coruña): 7

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: (7)

Concello de Oleiros (A Coruña): 1

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: (1)

Concello de Ribeira (A Coruña): 6

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: (6)

Concello de Santiago de Compostela (A Coruña): 1

Revisión de oficio de actos administrativos: (1)

Concello de Cervo (Lugo): 1

Revisión de oficio de actos administrativos: (1)

Concello de Foz (Lugo): 1

Contratos administrativos: (1)

Concello de Mondoñedo (Lugo): 1

Revisión de oficio de actos administrativos: (1)

Concello de Rábade (Lugo): 1

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: (1)

Concello de Taboada (Lugo): 1

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: (1)

Concello de Xermade (Lugo): 1

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: (1)

Concello de Amoeiro (Ourense): 1

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: (1)

Concello de O Carballiño (Ourense): 1

Contratos administrativos: (1)

Concello de Ourense (Ourense): 22

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: (22)

Concello de San Cibrao das Viñas (Ourense): 1

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: (1)

Concello de Sandiás (Ourense): 1

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: (1)

Concello de A Cañiza (Pontevedra): 1

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: (1)

Concello de A Guarda (Pontevedra): 1

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: (1)

Concello de A Illa de Arousa (Pontevedra): 1

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: (1)

Concello de Baiona (Pontevedra): 5

Revisión de oficio de actos administrativos: (3)

Contratos administrativos: (2)

Concello de Bueu (Pontevedra): 2

Revisión de oficio de actos administrativos: (1)

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: (1)

Concello de Caldas de Reis (Pontevedra): 3

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: (3)

Concello de Gondomar (Pontevedra): 1

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: (1)

Concello de Nigrán (Pontevedra): 1

Revisión de oficio de actos administrativos: (1)

Concello de O Grove (Pontevedra): 3

Contratos administrativos: (1)

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: (2)

Concello de Poio (Pontevedra): 1

Contratos administrativos: (1)

Concello de Pontearcas (Pontevedra): 3

Contratos administrativos: (1)

Revisión de oficio de actos administrativos: (2)

Concello de Pontevedra (Pontevedra): 5

Recurso extraordinario de revisión: (1)

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: (4)

Concello de Redondela (Pontevedra): 1

Revisión de oficio de actos administrativos: (1)

Concello de Salvaterra de Miño (Pontevedra): 3

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: (3)

Concello de Sanxenxo (Pontevedra): 2

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: (2)

Concello de Soutomaior (Pontevedra): 2

Recurso extraordinario de revisión: (1)

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: (1)

Concello de Tui (Pontevedra): 5

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: (5)


– ADMINISTRACIÓN UNIVERSITARIA: 5

Universidade da Coruña: 2


Reclamacións de responsabilidade patrimonial: (2)

Universidade de Santiago de Compostela: 3

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: (3)



— Expedientes enviados pola Administración Autonómica no ano 2010

 XUNTA DE GALICIA	TOTAIS	CA ¹	PR	RAR	RO	CONT. AD	CsAD	RRP	DTM	% S/T
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA	16	1	9		1			3	2	3,49%
CONSELLERÍA DE FACENDA	8				5			3		1,74%
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE T. E INFRAEST.	169		5			1		163		36,82%
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA	3		3							0,65%
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA	37		25					12		8,06%
CONSELLERÍA DE SANIDADE	125	1	4			1		119		27,23%
CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO	3		3							0,65%
CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR	9	1				3	1	4		1,96%
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL	63	1	4	1	1	2		54		13,73%
CONSELLERÍA DO MAR	24		2	5	5		1	11		5,23%
CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR	2				1	1				0,44%
TOTAIS	459	4	55	6	13	8	2	369	2	100%

¹CA: Convenios e acordos coop. PR: proxectos regulamento. RAR: rec. adtivo.revisión. RO: revisión oficio. CONT.AD: contratos activos. CsAD: concesións activas. RRP: reclamacións resp. Patrimonial. DTM: deslindes entre termos municipais.

— Expedientes enviados pola Administración local no ano 2010


DISTRIBUCIÓN POR PROVINCIAS	Núm. exps.	%
A CORUÑA	36	33,03%
LUGO	6	5,50%
OURENSE	26	23,85%
PONTEVEDRA	40	36,70%
DISTRIBUCIÓN POR DEPUTACIÓN		
DEPUTACIÓN DA CORUÑA	1	0,92%
TOTAL	109	100 %
DISTRIBUCIÓN POR MATERIAS		
Recursos extraordinarios de revisión	2	1,83%
Revisións de oficio	18	16,51%
Contratos administrativos	12	11,01%
Reclamacións de responsabilidade patrimonial	77	70,64%

1.2- Clasificación dos ditames por materias

A relación de ditames emitidos por títulos competenciais previstos no artigo 11 da Lei 9/1995, do 10 de novembro, do Consello Consultivo de Galicia, desenvolvida polo Decreto 282/2003, do 22 de maio, é a seguinte:

Convenios e acordos de cooperación con outras comunidades autónomas	4
Proxectos de regulamentos	54
Recursos administrativos de revisión	8
Revisións de oficio de actos administrativos	31
Contratos administrativos	19
Concesións administrativas	2
Reclamacións de responsabilidade patrimonial	451
Expedientes de deslindes entre termos municipais	2
Consultas facultativas	1
TOTAL	572²

²Un foi retirado.




1.3.- Conclusión ou sentido final dos ditames

Do total dos 596 expedientes remitidos para o seu exame por parte deste Consello, 111 foron obxecto de “Acordo de Devolución”, adoptado polo Consello ao abeiro do artigo 48.3 do Decreto 282/2003, polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, que lle faculta para devolver o correspondente expediente a fin de que se emenden pola Administración activa consultante os defectos observados, sen a emisión do preceptivo ditame, e procedéndose ao arquivo de todo o actuado. Neste sentido, dos 111 expedientes obxecto de devolución, 50 foron novamente remitidos polo organismo de procedencia, unha vez atendido o requirimento do Consello procedendo á emenda das deficiencias procedementais observadas.

A conclusión ou sentido final dos ditames emitidos é a seguinte:

Favorables	436	78,28%
Desfavorables	80	14,36%
Acordos de devolución	41	7,36%



1.4.- Comunicación das resolucións

O artigo 60 do Decreto 282/2003, polo que se aproba o Regulamento do Consello Consultivo, establece a obriga de que o órgano ou institución consultante comunique no prazo de quince días a adopción ou publicación da resolución ou disposición xeral consultada. O cumprimento da dita prescrición, presenta os seguintes resultados:

COMUNICADOS	280	48.87%
NON COMUNICADOS	293	51.13%
TOTAL	573	

1.5.- Fórmula de incorporación dos ditames

Os artigos 3 da lei e 6 do decreto sinalan que as disposicións e resolucións sobre asuntos ditaminados polo Consello Consultivo de Galicia, cando sexa preceptiva a súa intervención nelas, se se tomasen de acordo co seu ditame, expresaranse coa fórmula “... *de acordo co ditame do Consello Consultivo de Galicia*”, e se non se tomasen de acordo co ditame daquel, coa de “... *oído o Consello Consultivo de Galicia*”. O resumo correspondente a este apartado nos expedientes ditaminados foi o seguinte:

“De acordo”	266	95%
“Oído”	14	5%

1.6.- Consultas formuladas polo trámite de urxencia

Foron un total de 6 expedientes os que se someteron ao ditame deste Consello Consultivo polo trámite de urxencia, previsto no artigo 52 do Decreto de organización e funcionamento, que acurta, alomenos, á metade, o prazo xeral dun mes establecido para a emisión dos ditames, logo da motivación.

1.7.- Ditames aprazados

Do total de 573 expedientes ditaminados no ano 2010, 66 deles foron aprazados ao abeiro do artigo 54 do Regulamento de organización e funcionamento (Decreto 282/2003, do 22 de maio), segundo o cal o Consello Consultivo poderá acordar a ampliación dos prazos por un período que non excederá da metade do inicialmente establecido.

1.8.- Relación de ditames (Anexo, páxina 91)

2.- SESIÓNS REALIZADAS NO ANO 2010

Sesións do Pleno

Número de sesións: 43

13 de xaneiro	25 de marzo	2 de xuño	28 de outubro
20 de xaneiro	8 de abril	9 de xuño	3 de novembro
27 de xaneiro	15 de abril	14 de xuño	4 de novembro
3 de febreiro	21 de abril	17 de xuño	10 de novembro
10 de febreiro	28 de abril	23 de xuño	17 de novembro
17 de febreiro	5 de maio	30 de xuño	24 de novembro
24 de febreiro	12 de maio	22 de setembro	1 de decembro
1 de marzo	19 de maio	28 de setembro	15 de decembro
10 de marzo	20 de maio	6 de outubro	22 de decembro
17 de marzo	27 de maio	20 de outubro	

Sesións da Sección Primeira

Número de sesións: 39

13 de xaneiro	25 de marzo	2 de xuño	28 de outubro
20 de xaneiro	8 de abril	9 de xuño	3 de novembro
27 de xaneiro	15 de abril	14 de xuño	4 de novembro
3 de febreiro	21 de abril	17 de xuño	10 de novembro
10 de febreiro	28 de abril	23 de xuño	17 de novembro
17 de febreiro	5 de maio	30 de xuño	24 de novembro
24 de febreiro	12 de maio	22 de setembro	1 de decembro
1 de marzo	19 de maio	28 de setembro	15 de decembro
10 de marzo	20 de maio	6 de outubro	22 de decembro
17 de marzo	27 de maio	20 de outubro	

Sesións da Sección Segunda**Número de sesións: 39**

13 de xaneiro	23 de marzo	27 de maio	27 de outubro
20 de xaneiro	25 de marzo	2 de xuño	28 de outubro
27 de xaneiro	8 de abril	9 de xuño	4 de novembro
1 de febreiro	15 de abril	17 de xuño	10 de novembro
10 de febreiro	21 de abril	23 de xuño	17 de novembro
17 de febreiro	28 de abril	30 de xuño	24 de novembro
24 de febreiro	5 de maio	22 de setembro	1 de decembro
3 de marzo	12 de maio	28 de setembro	15 de decembro
10 de marzo	19 de maio	6 de outubro	22 de decembro
17 de marzo	20 de maio	20 de outubro	

- IV -
ACTIVIDADE NON CONSULTIVA

1.- PUBLICACIÓN DOS DITAMES

Como vén sendo costume todos os anos, neste realizouse tamén unha nova edición dos ditames emitidos ao longo de 2009, que se distribuíu de forma gratuíta entre entidades públicas e privadas do máis variado ámbito de actuación.

A edición dos ditames elaborados polo Consello Consultivo é un instrumento que permite dar a coñecer o seu labor. Na publicación, que corresponde aos ditames emitidos durante o ano 2009, mantense o mesmo esquema que na de anos precedentes, contendo: un índice xeral de ditames, un índice segundo o órgano solicitante e un índice analítico.

Os ditames conteñen un resumo dos antecedentes, un extracto da doutrina e as consideracións formuladas. Como xa ocorrera noutras edicións, e debido ao gran volume de ditames emitidos, a publicación recolle soamente unha selección dos ditames máis destacados. Así mesmo, a edición do libro de ditames correspondente ao ano 2009 se editou en formato CD-ROM, dada a simpleza do seu manexo, e, tamén, se fixo unha edición en papel.

A publicación foi distribuída do modo seguinte:

- Administración autonómica:
 - Consellerías: secretarías xerais, asesorías xurídicas, servizos técnicos xurídicos, delegacións provinciais.
 - Entes e organismos públicos galegos.
- Universidades.
- Administración local: municipios, deputacións provinciais, Federación Galega de Municipios e Provincias.
- Parlamento de Galicia.
- Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.
- Valedor do Pobo.
- Consello de Contas.
- Consello da Cultura Galega.
- Decanos dos Colexios de Avogados, Notarios, Procuradores, Rexistradores da Propiedade, Consello Galego da Avogacía, Asociación Galega de Avogados, Academia Galega de Xurisprudencia e Lexislación.

- Bibliotecas do Congreso e do Senado.
- Facultades de dereito das universidades galegas.
- *Consejo de Estado* e consellos consultivos das outras comunidades autónomas.

2.- PÁXINA WEB

O Consello Consultivo creou, consciente da importancia das novas tecnoloxías da información e da comunicación, a súa páxina web propia e específica. No ano 2009 as páxinas do sitio web: foron deseñadas e revisadas novamente.

A web, ademais de información xeral referidas á entidade (organización, sede, servizos e enderezos de interese), presenta a posibilidade de consultar a texto completo os ditames elaborados desde 1996. Ademais, presenta unha sección chamada *novas* onde os usuarios poden consultar os ditames máis salientables emitidos recentemente, a actualidade do Consello, a contratación administrativa e os procesos selectivos en curso.

3.- I ENCONTRO GALEGO DOS CONSELLOS CONSULTIVOS DO CAMIÑO DE SANTIAGO

O Consello Consultivo de Galicia organizou, coa colaboración do Concello e a Deputación Provincial de Lugo, e co patrocinio do Xacobeo 2010 o I Encontro Galego de Consellos Consultivos do Camiño de Santiago, que tivo lugar os días 5, 6 e 7 de maio en Lugo e Santiago de Compostela. O Encontro supón una continuidade doutras xornadas que sobre a función consultiva reúnen periodicamente a presidentes, conselleiros, secretarios xerais e letrados dos órganos consultivos das comunidades autónomas a nivel nacional.

Ao longo do Encontro analizáronse, entre outras cuestións temas de plena actualidade como a perspectiva xurídica sobre a ordenación urbanística ou a regulación dos convenios de colaboración entre comunidades autónomas. O fin último destas xornadas é, por una banda, -segundo declarou a presidenta do Consello Consultivo de Galicia na presentación das Xornadas- constituír unha canle de divulgación da doutrina sentada polos distintos órganos consultivos nas materias obxecto da súa competencia, e por outra, permitir a apertura dun foro de debate sobre as mesmas. María Teresa Conde-Pumpido Tourón recordou que para os cidadáns a función consultiva tradúcese nunha garantía de legalidade e acerto da actuación administrativa, ao tempo que desde os Consellos Consultivos se presta tamén una función de apoio ao propio Consejo de Estado.



Inauguración do I Encontro Galego dos Consellos Consultivos do Camiño de Santiago

Na inauguración do Encontro participaron a delegada territorial da Xunta de Galicia en Lugo, Raquel Arias Rodríguez; o presidente de Caixa Galicia, Mauro Varela Pérez; o presidente da Deputación Provincial de Lugo, José Ramón Gómez Besteiro; o alcalde da capital lucense, José López Orozco, e a presidenta do Consello Consultivo de Galicia, María Teresa Conde-Pumpido Tourón, quen agradeceu a colaboración de todas as institucións para a celebración destas xornadas que reuniron a preto de 50 representantes dos altos órganos consultivos das comunidades autónomas polas que transcorren o Camiño Francés, o Primitivo e o do Norte: Galicia, Asturias, Castela-León, A Rioxa, Navarra e País Vasco, ás que se sumaron algunhas máis como é o caso de Castela-A Mancha ou Andalucía

Logo do acto inaugural, o profesor titular de Dereito Constitucional da Universidade do País Vasco, Javier Tajadura Tejada, abordou no seu relatorio a regulación dos convenios de colaboración celebrados entre comunidades autónomas, materia sobre a que os consellos consultivos deben ser consultados preceptivamente. O profesor Tajadura repasou na súa intervención o marco xurídico da cooperación horizontal entre comunidades autónomas, e afondou no dispar desenvolvemento da materia nos distintos Estatutos de Autonomía. Así e entre outras cuestións, analizou a importancia da distinción entre convenios e acordos de cooperación, o significado

e alcance da “xestión e prestación de servizos” ou a delimitación do concepto de “comunicación” ás Cortes Xerais.

A sesión de traballo pechouse cunha mesa redonda sobre “Urbanismo e función consultiva” na que se debateu e reflexionou sobre a problemática xurídica dun tema de plena actualidade e preocupación común, como é o urbanismo, con especial fincapé nas demolicións urbanísticas e a delimitación de competencias entre concellos e administración autonómica. Un dos temas analizados na mesa foi tamén o referido á responsabilidade patrimonial das Administracións, tanto das locais como da autonómica.

Nesta mesa redonda participaron destacados expertos na materia como Bernardo Fernández Pérez, profesor de Dereito Internacional Público da Universidade de Oviedo e, actualmente, presidente do Consejo Consultivo del Principado de Asturias; Francisco Javier D’Amorín Viéitez, maxistrado na Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e, hoxe en día, conselleiro electivo do Consello Consultivo de Galicia; Gorka Erlantz Zorrozúa Aierbe, vogal da Comisión Jurídica Asesora de Euskadi; e Ignacio Granado Hijelmo, letrado e secretario xeral do Consejo Consultivo de La Rioja.



O presidente da Xunta de Galicia e a presidenta do Consello Consultivo cos presidentes doutros consellos consultivos participantes no Encontro

O último día das Xornadas tivo lugar en Santiago de Compostela, na sede do Consello Consultivo de Galicia, una última reunión de traballo na que se expuxeron as conclusións do Encontro, ao tempo que se valorou a continuidade destas xornadas noutro punto da xeografía estatal. Así mesmo, e no marco desta última xornada tamén se desenvolveu unha conferencia de presidentes de Consellos Consultivos de toda España, na que participaron un total de 16 comunidades autónomas.

O presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, acompañado da presidenta do Consello Consultivo de Galicia, M.^a Teresa Conde-Pumpido Tourón, foron os encargados de clausurar o I Encontro Galego de Consellos Consultivos do Camiño de Santiago que, durante tres días, reuniu a preto de 50 representantes dos altos órganos consultivos das comunidades autónomas polas que transcorre o Camiño Francés.

4.- XORNADAS E SEMINARIOS

4.1.- Curso “A *lex artis* e as súas alternativas como criterio determinante da responsabilidade patrimonial da administración sanitaria”

O Consello Consultivo de Galicia celebrou, en colaboración coa Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, unha xornada de traballo na que se analizou a “*lex artis como criterio determinante da responsabilidade patrimonial da Administración sanitaria*”. Na mesa, participaron Fernando Seoane Pesqueira e Dolores Rivera Frade, maxistrados do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG), e Francisco Javier D’ Amorín Viéitez, conselleiro electivo do Consello Consultivo de Galicia. A xornada estivo dirixida pola presidenta do Consello Consultivo, M.^a Teresa Conde-Pumpido Tourón e o presidente da Sala do Contencioso-Administrativo do TSXG, José M.^a Gómez Díaz-Castroverde.

O obxectivo desta xornadas foi construír unha canle de divulgación da doutrina en materia a responsabilidade patrimonial da Administración sanitaria e propiciar un foro de debate con membros do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sobre aspectos concretos relacionados con esta materia.

A presidenta do Consello Consultivo tamén fixo unha breve análise dos supostos nos que se aplicou, por este organismo, a técnica da perda de oportunidade, facendo especial fincapé nos problemas desta técnica á hora da fixación da posible indemnización.

Fernando Seoane Pesqueira, pola súa banda, analizou os criterios da *lex artis* como pauta ou parámetro de actuación á hora de abordar a responsabilidade da Administración sanitaria, aos que se engadirían outros criterios como o consentimento informado, xunto coas doutrinas da técnica de oportunidade ou do dano desproporcionado.



A presidenta do Consello Consultivo xunto a outros relatores do curso “A lex artis e as alternativas como criterio determinante da responsabilidade patrimonial das administracións sanitarias”

O conselleiro electivo do Consello Consultivo, Francisco Javier D’Amorín Viéitez, centrou a súa intervención na teoría do dano desproporcionado como un criterio máis para axuizar a responsabilidade patrimonial sanitaria.

A regulación legal do consentimento informado foi o tema abordado pola maxistrada do TSXG, M.^a Dolores Rivera Frade, destacando a súa natureza dobre como dereito do paciente e deber do profesional sanitario.

Pola súa banda, José M.^a Gómez Díaz-Castroverde resaltou a colaboración entre o Consello Consultivo de Galicia, órgano no que prestou servizos como conselleiro, e o TSXG. Gómez Díaz-Castroverde comprometeu o seu esforzo para que cada ano se celebre un encontro similar emprazando desde este momento a todos e todas para un vindeiro encontro no 2011 na sede do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

4.2.- Curso “A función de control da Administración consultiva: o Consello Consultivo de Galicia e as administracións locais”

A presidenta do Consello Consultivo, M.^a Teresa Conde-Pumpido Tourón, xunto ao director da Escola Galega de Administración Pública, Pablo Figueroa, inauguraron na sede deste órgano consultivo esta actividade formativa. Representantes de distintos

concellos e deputacións de Galicia participaron neste curso organizado polo Consello Consultivo de Galicia coa colaboración da Escola Galega de Administración Pública.



Participantes no Curso na sede do Consello Consultivo de Galicia

María Teresa Conde-Pumpido Tourón salientou na súa intervención a importancia de trasladar ás administracións locais a experiencia e a doutrina do Consello Consultivo, dado o elevado número de entidades locais existentes en Galicia que, en ocasións, ven retardada a súa actividade por non coñecer suficientemente determinados aspectos xurídicos. Pola súa banda, o director da EGAP recordou que o labor de control da Administración Pública está sendo desenvolvido, no ámbito interno, pola Intervención Xeral e os Servizos Xurídicos e, no externo, polo Consello de Contas e o Consello Consultivo de Galicia. Así mesmo, destacou a importancia de desenvolver actividades formativas como esta porque permiten coadjuvar ao correcto funcionamento da administración pública.

O curso pretende dar a coñecer no ámbito da administración local a doutrina sentada polo Consello nas distintas materias nas que a súa intervención é preceptiva. Deste xeito e ao longo das seis xornadas de traballo, analizouse o papel do Consello, a potestade regulamentaria local, a revisión de oficio en materia local, a responsabilidade patrimonial das administracións locais, a modificación e resolución de contratos na contratación administrativa e a alteración dos termos municipais.

O curso constaba de seis módulos:

- Módulo I: A Administración consultiva da Comunidade Autónoma de Galicia: o Consello Consultivo de Galicia

- Módulo II: Réxime xurídico das Entidades locais: a potestade regulamentaria local
- Módulo III: Réxime xurídico das entidades locais: a revisión de oficio en materia local
- Módulo IV: A responsabilidade patrimonial da Administración local
- Módulo V: A contratación administrativa: modificación e resolución dos contratos
- Módulo VI: O territorio das corporacións locais. Alteración dos termos municipais

Todos os relatorios foron impartidos por letrados do Consello Consultivo de Galicia.

4.3.- Curso "A función de control da Administración consultiva: o Consello Consultivo de Galicia"

O curso organizado polo Consello Consultivo de Galicia e a Escola Galega de Administración Pública (EGAP) e dirixido a persoal funcionario ao servizo da administración autonómica da Xunta de Galicia, forma parte do Plan de formación para o persoal ao servizo da Administración autonómica da Xunta de Galicia



Desenvolvemento do Curso na Biblioteca do Consello Consultivo de Galicia

Durante o acto inaugural, a presidenta do Consello, M.^a Teresa Conde-Pumpido Tourón, salientou a importancia de debater co persoal técnico ao servizo da administración autonómica a experiencia e a doutrina do órgano consultivo. Segundo explicou Conde-Pumpido, os ditames do Consello Consultivo axudan ao goberno, na súa misión de dirección da administración, a lograr a seguridade xurídica e a obxectividade precisa na actuación administrativa, ao tempo que serven de garante da legalidade para os cidadáns.

O curso se distribuíu en sete módulos: o primeiro deles centrábase no papel do Consello; no segundo e terceiro abordábanse, respectivamente o control da potestade regulamentaria e o procedemento de elaboración de disposicións de carácter xeral; mentres que nos catro últimos se analizaron as directrices de técnica normativa, a responsabilidade patrimonial da administración pública, a contratación administrativa e a revisión de oficio dos actos e disposicións administrativas de carácter xeral.

Todos os módulos foron impartidos por letrados do Consello Consultivo de Galicia.

5.- ACTOS E ACTIVIDADES INSTITUCIONAIS

Dando cumprimento ao compromiso feito na XI edición da Xornadas da Función Consultiva desenvolvida en Murcia en outubro de 2009, o Consello de Navarra organizou a XII edición das mencionadas xornadas, que tiveron lugar en Pamplona durante os días 9, 10 e 11 de xuño de 2010.



Inauguración da XII edición da Xornadas da Función Consultiva

Como en edicións anteriores, o programa estivo conformado tanto por sesións de traballo, como por actos oficiais e culturais. As sesións de traballo se desenvolveron no Pazo de Congresos e Auditorio de Navarra.

As Xornadas iniciáronse o día 9 de xuño coa benvida aos asistentes polo presidente do Consejo de Navarra. As sesións de traballo, propiamente ditas comezaron o día 10 co relatorio: “*La responsabilidad patrimonial de la Administración*”, que correu a cargo de don Fernando Pantaleón Prieto, catedrático de Dereito Civil da Universidade Autónoma de Madrid, á que seguiu un animado coloquio. O segundo dos relatorios foi defendido por don Juan Antonio Xiol Rius, presidente da Sala Primeira del Tribunal Supremo, e versou sobre: “*El consentimiento informado*”.



Asistentes a unha das sesións de traballo das Xornadas

O día 11 tocoulle a quenda ao relatorio, -defendido por don Santiago Muñoz Machado, catedrático de Dereito Administrativo da Universidade Complutense de Madrid-, “*El régimen de autorizaciones en la Directiva de servicios y su transposición*”.

A conferencia de clausura foi pronunciada por don Francisco López Menudo, catedrático de Dereito Administrativo da Universidade de Sevilla, e versou sobre “*La transposición de la Directiva de servicios y la modificación de la Ley 30/1992: el régimen jurídico de la declaración responsable y de la comunicación previa*”.

Por outra banda, no transcurso do ano 2010, a presidenta do Consello Consultivo de Galicia, dona M.^a Teresa Conde-Pumpido Tourón, asistiu a diversos actos en representación do Consello Consultivo, entre os cales cabe destacar a súa participación nas I Xornadas Internacionais da Función Consultiva, celebradas os días 5, 6 e 7 de setembro, en Cartagena de Indias (Colombia), e ás que asistiron representantes de distintos órganos consultivos, tanto de Europa (Francia, Bélxica), como de Asia (Turquía), África (Exipto, Alxeria), e América (Guatemala, Chile). Así mesmo, asistiu en Barcelona ao acto de toma de posesión dos membros da Comissió Jurídica Assessora e do seu presidente.

Esta labor institucional se desenvolveu tamén en distintos actos celebrados na nosa Comunidade Autónoma, entre os cales cabe destacar a súa participación, como relatora, no curso sobre “Xurisdición Social e o novo Dereito do Traballo” da Aula Iberoamericana, coa conferencia: “*Políticas de igualdade e o seu reflexo no ámbito laboral: a lei para a igualdade efectiva de homes e mulleres*”; na toma de posesión dos reitores das Universidade de Santiago e de Vigo; a súa asistencia ao XXXII Aniversario da Constitución española; e á imposición no Senado do premio Iurígama a don José Antonio García Caridad, expresidente deste Consello Consultivo; e a distintas actividades organizadas pola Escola Galega de Administración Pública e outros actos institucionais.

6.- PRACTICUM DA FACULDADE DE DEREITO DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Como todos os anos, e como resultado do convenio asinado coa Universidade de Santiago, distintos alumnos da Facultade de Dereito da Universidade de Santiago de Compostela elixiron realizar o *practicum* correspondente aos estudos de Dereito, no Consello Consultivo de Galicia.

Durante o mes no que cada un dos alumnos estivo traballando neste órgano, instruíuselles sobre o seu funcionamento e sobre a doutrina e o modo de elaboración dos ditames, aos que tiveron directamente acceso, tratando de primar así o carácter eminentemente práctico da súa estadía. Ao rematar o período os alumnos realizaron un exercicio práctico, que xunto ao aproveitamento acadado durante dito período, conformou a cualificación final, en todos os casos satisfactoria.

Todos eles estiveron tutelados pola letrada do Consello Consultivo de Galicia, M.^a José Quintana Acebo.

7.- MEMORIA ANUAL DE ACTIVIDADES

Como todos os anos, editouse a memoria de actividades do Consello correspondente ao ano 2009, despois da súa elevación ao Consello da Xunta de Galicia, en cumprimento do previsto no artigo 14 da Lei 9/1995, do 10 de novembro.

Así mesmo, a Memoria 2009 foi presentada ao presidente da Xunta de Galicia para a súa posterior toma en consideración por parte do Consello da Xunta.

Da devandita edición fíxose unha ampla distribución na Administración autonómica.

- V -

CATORCE ANOS DE FUNCIÓN CONSULTIVA


1.- DATOS ESTADÍSTICOS RELATIVOS AOS EXPEDIENTES DITAMINADOS DURANTE O PERÍODO 1996 - 2010

1.1.- Histórico por número de expedientes e administración de procedencia

HISTÓRICO POR NÚMERO DE EXPEDIENTES E ADMINISTRACIÓN DE PROCEDENCIA									
ANOS	AD. AUTÓNOMICA	% S/ Total AA	AD. LOCAL	% S/ Total AL	AD. UNIVERS.	% S/ Total AU	AD. CORP.	TOTAIS S/ TOTAL	% s/ TOTAL
1996	93	1,07%	17	0,89%	1	1,75%	0	111	1,04%
1997	146	1,67%	18	0,94%	4	7,02%	0	168	1,57%
1998	239	2,74%	22	1,15%	5	8,77%	0	266	2,49%
1999	306	3,50%	23	1,20%	3	5,26%	0	332	3,10%
2000	465	5,33%	99	5,18%	2	3,51%	0	566	5,29%
2001	719	8,24%	93	4,86%	2	3,51%	0	814	7,61%
2002	650	7,44%	169	8,83%	0	0,00%	0	819	7,65%
2003	703	8,05%	222	11,60%	4	7,02%	0	929	8,68%
2004	583	6,68%	181	9,46%	4	7,02%	0	768	7,18%
2005	690	7,90%	229	11,97%	1	1,75%	1	921	8,61%
2006	833	9,54%	163	8,52%	5	8,77%	0	1001	9,35%
2007	902	10,33%	233	12,18%	1	1,75%	1	1137	10,62%
2008	1437	16,46%	252	13,17%	13	22,81%	0	1702	15,90%
2009	506	5,80%	83	4,34%	7	12,28%	0	596	5,57%
2010	459	5,26%	109	5,70%	5	8,77%	0	573	5,35%
TOTAL	8731	100,00%	1913	100,00%	57	100,00%	2	10703	
	81,575%		17,873%		0,533%		0,019%	100,00%	

1.2.- Expedientes 1996-2010: comparativa por administraciones

EXPEDIENTES 1996-2010
COMPARATIVA POR ADMINISTRACIONES



1.3.- Histórico por materias

HISTÓRICO POR MATERIAS										
ANOS	TOTAIS	CA ³	PR	RAR	RO	CONT.AD	CsAD	RRP	DTM	CF
1996	111	0	21	19	14	5	0	37	2	6
1997	168	0	22	42	30	13	0	56	1	1
1998	266	0	35	75	26	8	9	104	1	1
1999	332	0	27	44	33	3	2	221	0	1
2000	566	0	19	13	14	9	5	495	8	1
2001	814	2	25	8	17	12	3	738	2	2
2002	819	1	20	8	24	18	7	737	2	1
2003	929	0	28	14	24	8	0	848	4	0
2004	768	0	25	11	20	16	3	684	4	0
2005	921	0	29	7	53	12	5	808	3	1
2006	1001	1	36	8	21	10	3	915	0	0
2007	1137	1	52	4	18	9	6	1044	0	0
2008	1702	4	64	8	45	12	1	1564	1	1
2009	596	1	24	8	93	12	2	455	1	0
2010	573	4	54	8	31	19	2	452	2	1
TOTAIS	10703	14	481	277	463	166	48	9158	31	16

³ CA: Convenios e acordos coop. PR: proxectos regulamento. RAR: rec. activo.revisión. RO: revisión oficio. CONT.AD: contratos adtivos. CsAD: concesións adtivas. RRP: reclamacións resp. Patrimonial. DTM: deslindes entre termos municipais. CF: consultas facultativas.

- VI -

OBSERVACIÓNS E SUXESTIÓNS



Escaleira principal do Pazo de Amarante, sede do Consello Consultivo de Galicia

1.- PROXECTOS NORMATIVOS

1.1- O galego no ensino non universitario

No ano 2010 o Consello Consultivo de Galicia ditaminou, ao abeiro do previsto no artigo 11.1 d) da Lei 9/1995, do 10 de novembro, o “*proxecto de decreto para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia*”, unha de cuxas finalidades era, precisamente, regulamentar o uso do galego neste ámbito.

Na análise do proxecto, o CCG 183/10 partiu do mesmo xeito que o CCG 366/07 (relativo ao “*proxecto de decreto polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo*”), do modelo lingüístico que, para o Estado español, deseña o artigo 3 da Constitución Española (CE), sobre a base das seguintes notas:

1º. A lingua oficial de todo o Estado, e por conseguinte de todos os poderes públicos, centrais, autonómicos e locais, é o castelán.

2º. As demais linguas existentes a nivel territorial distintas do castelán gozarán dun estatuto de cooficialidade no seu respectivo territorio coa lingua oficial do Estado, aínda que nun réxime de asimetría por contraerse a súa oficialidade exclusivamente ao seu nivel territorial.

3º. Recoñécese o dereito público do uso do castelán e ao mesmo tempo o deber do seu coñecemento.

4º. Formúlase un mandato a todos os poderes públicos orientado á protección do pluralismo lingüístico, o que representa a obriga de adopción polos poderes públicos territoriais de medidas de protección e promoción das linguas cooficiais.

Sobre esta base, o CCG 183/10 destacou como o modelo constitucional de lingua, así configurado, non está tan só recollido na CE, e isto por canto esta tamén efectúa unha remisión ou habilitación aos estatutos de autonomía (artigos 3.2 e 147) no tocante á oficialización das linguas territoriais propias das comunidades autónomas nos termos neles definidos. Os Estatutos de Autonomía, en desenvolvemento deste cometido, asumen tamén unha función materialmente constitucional, complementaria e integradora, que implica o exercicio dunha competencia propia, a opción pola oficialización da lingua propia, sen prexuízo da súa subordinación xerárquica á CE.

Por estas razóns, e como xa se sinalara no CCG 366/07, ao Estatuto de Autonomía se lle reserva e asigna unha moi importante función constitucional de definición do alcance da oficialidade da propia lingua, que non pode ser realizada nin desenvolvida -illada ou desconectadamente- directamente polas leis autonómicas que poidan ser ditadas en materia lingüística, e moito menos por vía regulamentaria, pois os criterios esenciais de ordenación da materia sobre a lingua han de tratarse no

Estatuto, como se desprende da súa configuración de norma institucional básica e do teor do artigo 5 do Estatuto de Autonomía de Galicia (en adiante, EAG), sendo así que as disposicións de normalización non poden ser aprobadas de xeito desconectado do Estatuto.

Deste xeito, partindo de que a declaración da oficialidade ten que ter por finalidade principal non só a proclamación da existencia dunha lingua territorial propia, senón tamén a de promover e posibilitar o exercicio dos dereitos lingüísticos, cómpre distinguir entre o aspecto positivo, ou de dereito, e o aspecto negativo, ou de deber, en canto ao coñecemento e uso das linguas propias.

Así, polo que se refire ao aspecto positivo, ou de dereito, en concreto á oficialidade da lingua, entendeu o Consello Consultivo que cando se fala do estatus dunha lingua como “*oficial*” nas sociedades multilingües, estase necesariamente a identificar esa lingua propia polos poderes públicos no seu nivel territorial de recoñecemento, e, en canto tal, ostenta a virtude e a funcionalidade de constituír o principal instrumento de relación e medio normal de comunicación entre os ditos poderes políticos dese territorio e os cidadáns. Oficialízase a lingua, por conseguinte, principalmente para os efectos de que sexa esta empregada maioritariamente en todos os eidos públicos, gobernamentais e administrativos, de xeito que o seu uso maioritario polos poderes e autoridades públicas sirva como motor impulsor da necesaria normalización lingüística nese territorio.

Neste contexto, a oficialización posibilita, ademais, como corolario, a afirmación do dereito de elección e uso da propia lingua, operando como efecto primario o recoñecemento por parte de todos os poderes públicos dun dereito público subxectivo: á súa utilización por todos os cidadáns que libremente opten polo seu emprego nas súas relacións privadas e públicas, con plenos efectos xurídicos en todo caso. Por esta razón, calquera intervención dos poderes públicos na lingua, incluso por vía normativa, require, en consideración a que esta constitúe unha proxección da propia personalidade e afecta, por ende, ao círculo vital dos cidadáns, unha fundamentación xurídica, acadando nun Estado de Dereito plena xustificación tan só se erixe en garantía da liberdade. Xa que logo, como consecuencia natural e inherente do dereito ao uso da lingua oficial propia do territorio, imponse a proscripción de toda discriminación negativa ou diferenza de trato cos usuarios desa lingua por razón do seu emprego.

Neste sentido, o dereito ao uso da lingua propia é un dereito de liberdade esgrimible fronte aos poderes públicos e incluso tamén fronte a certos particulares que realicen, por delegación ou concesión, unha actividade pública; dereito que non se pode esgrimir, polo contrario, nas relacións entre particulares.

Diríase, por conseguinte, que na dimensión persoal e en canto que dereito de liberdade, o dereito á lingua é, fundamentalmente, un dereito de opción, a modo de estatus negativo ou reactivo, por canto o cidadán pode elixir liberrimamente o códi-

go lingüístico e a modalidade de lingua mesma que quere empregar nas súas relacións cos poderes públicos; se ben debe aceptar como límite a dimensión colectiva do réxime xurídico da lingua, ao que logo nos referiremos.

E é que, como xa se advertiu no CCG 366/07, o marco constitucional xurdido en 1978, ao mesmo tempo que aceptou o plurilingüismo, fixo prevalecer a premisa de que o dereito ao uso da propia lingua é un dereito individual que se exercerá sempre sobre a base da elección subxectiva de cada cidadán, de xeito que ningunha das linguas cooficiais será obxectivamente prevalente, por canto formalmente o será a que subxectivamente resulte da elección e libre decisión de cada usuario. Esta é a concepción que latexa na redacción do artigo 3º de CE de 1978 e mesmo no artigo 5º do EAG de 1981, que oficializan os idiomas galego e castelán en Galicia, aínda que, destacadamente, o precepto estatutario comeza por proclamar que *“a lingua propia de Galicia é o galego”*.

En todo caso, argumenta o CCG 183/10, non abonda co recoñecemento e protección formal do dereito ao emprego dunha lingua oficial por parte dos poderes públicos (oficialidade), senón que é preciso promover a regularización do uso desa lingua como principal vehículo de comunicación e integración social (normalización) entre os seus usuarios, co fin de facer realidade a liberdade e a igualdade de todos os cidadáns no exercicio dos seus dereitos constitucionais e legais (artigo 9.2 CE). Deste xeito, o maior grao de defensa e protección das linguas territoriais xira en torno a dous eixes, a cooficialidade e a normalización social.

Por iso se considera un aspecto cualitativamente relevante o da protección e tutela como lingua propia do galego, por canto, de acordo coa interpretación recollida na STC 337/1994, do 23 de decembro, con esa declaración queda avalado un trato desigual, aínda que non discriminatorio, para as dúas linguas oficiais no territorio autonómico, na medida en que a acción normalizadora da lingua propia ten que implicar, necesariamente, a adopción de accións e medidas de apoio singularizado ou reforzado para garantir a subsistencia e desenvolvemento desa lingua. Esta sentenza, en efecto, supuxo un reforzamento das teses da doutrina constitucional sobre o carácter vehicular das linguas cooficiais, como o patentiza a súa comparación coa STC 137/1986.

Con todo, é no eido do ensino, engade o CCG 183/10, onde a adopción desas accións e decisións de apoio singularizado cobra singular e xenuína relevancia como modo de garantir os dereitos lingüísticos dos cidadáns das novas xeracións, promovendo a normalización da lingua, o que se traduce na necesidade de artellar unha serie de medidas que garantan e protexan, segundo o seu grao de transcendencia, os bens xurídicos en xogo, deseñando un sistema de equilibrios na procura da vixencia, con plenas garantías, do bilingüismo habilitado e protexido pola CE.

Nesta perspectiva xurídica é onde se sitúa o punto de mira dende o que o Consello Consultivo examinou as medidas normativas deseñadas no proxecto de decreto

sometido a ditame, no marco da competencia exclusiva recoñecida á nosa Comunidade polo EAG (artigo 27.20) en materia de promoción e ensino da lingua galega.

Así as cousas, o punto de partida da análise xurídica que se realiza debe partir da consideración de que a declaración constitucional e estatutaria de cooficialidade do idioma non implica un deber xeral e abstracto, incondicional e perfecto do coñecemento do galego e, menos aínda, do seu uso. Neste senso, resulta incontestable xuridicamente que ese concreto asunto foi estudado co gallo do recurso de inconstitucionalidade interposto contra a Lei de normalización lingüística de Galicia 3/1983, do 15 de xuño, e decidido polo Tribunal Constitucional na súa sentenza do 26 de xuño de 1986, ao proceder a anular, por inconstitucional, o inciso “*deber de coñecelo*” (o galego) por parte de todos os galegos, recollido no artigo 1.2 da devandita lei.

Segundo a doutrina constitucional recollida naquela sentenza, a oficialidade dunha lingua territorial non pode levar consigo o deber ou obriga de coñecela por parte dos cidadáns, debendo deste xeito manterse en todo caso separados o deber de coñecer unha lingua das consecuencias que se derivan da súa oficialidade. Mais esta regra xeral ten importantes matizacións no eido do ensino, traducidas na imposición e recoñecemento de deberes e dereitos singulares aos partícipes do proceso educativo, pois a CE non impón o coñecemento das linguas cooficiais, pero tampouco prohibe a súa esixencia en supostos concretos.

Convén precisar que, privado polo Tribunal Constitucional da transcendente previsión do deber de coñecemento da lingua propia por parte dos galegos, o texto legal non recibiu adaptación posterior ningunha ás novas sensibilidades sobre os dereitos e deberes lingüísticos, adoptadas e mesmo impulsadas polo propio Tribunal Constitucional en pronunciamentos posteriores ao referenciado.

Isto supón que, a diferenza do que ocorre noutras comunidades con linguas cooficiais, en Galicia as encomendas legais realizadas ao poder executivo de cara ao desenvolvemento da normalización lingüística adoecen da falta dunha previsión legal actualizada que perfile o deber de coñecemento da lingua en ámbitos concretos, na liña do xa exposto, máis alá da esixencia legal de que a lingua galega sexa materia de estudo obrigatorio en todos os niveis educativos non universitarios e a encomenda ás autoridades educativas para a promoción do uso progresivo do galego no ensino (artigo 13.2) e a garantía de que, ao final dos ciclos nos que o ensino en galego é obrigatorio, os alumnos coñezan esa lingua, nos seus niveis oral e escrito, en igualdade co castelán (artigo 14.3).

No estrito campo da normalización lingüística, e como tamén salientara o CCG 366/07, o plan de normalización da lingua, aprobado polo Parlamento en setembro de 2004, xoga un papel senlleiro na instrumentalización e canalización do, ata entón, impulso social difuso na normalización lingüística, pero, en aplicación do

sistema de fontes do dereito, non pode cubrir as carencias legais antes apuntadas, que transcendían, a aspectos concretos do proxecto sometido a ditame.

Feita esta advertencia, este Alto órgano consultivo entendeu preciso recoñecer un importante papel interpretativo ao plan de normalización da lingua pois, aínda que non podía resultar vinculante para o poder executivo, o certo é que, en certa forma, debía ser tido en conta para os efectos da interpretación do regulamento proxectado xa que este o mencionaba na súa parte expositiva, xusto a continuación da referencia que facía á Lei de normalización lingüística de Galicia, Lei 3/1983, do 15 de xuño, e á Carta europea de linguas rexionais e minoritarias de 1992.

– O uso do galego na educación infantil.

Realizadas estas consideracións, o CCG 183/10 acometeu o exame da regulación no proxecto do uso do galego na educación infantil, acorde coa cal nesta etapa o profesorado usaría na aula a lingua predominante entre o alumnado, aínda que debía ter en conta a lingua do contorno e procuraría que o alumnado adquirise, de forma oral e escrita, o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia dentro dos límites da etapa ou ciclo. Así mesmo o proxecto prescribía que a lingua predominante do alumnado se determinase de acordo co resultado dunha consulta que se efectuaría a cada familia antes do comezo do curso escolar acerca da lingua materna do seu fillo ou filla, aínda que obrigando a unha atención individualizada ao alumnado que non tivese un coñecemento suficiente da lingua predominante.

O Consello Consultivo, na análise da legalidade destas previsións, partiu dos mandatos recollidos no artigo 13.1 da Lei de normalización lingüística consonte cos cales “1. Os nenos teñen dereito a recibir o primeiro ensino na súa lingua materna. O goberno galego arbitrará as medidas necesarias para facer efectivo este dereito”, “2. As autoridades educativas da Comunidade Autónoma arbitrarán as medidas encamiñadas a promover o uso progresivo do galego no ensino”, e “3. Os alumnos non poderán ser separados en centros diferentes por razón da lingua. Tamén se evitará, a non ser que con carácter excepcional as necesidades pedagóxicas así o aconsellasen, a separación en aulas diferentes”. Estes mandatos debían completarse, a xuízo do Consello, co disposto no art. 14.1: “A lingua galega é materia de estudio obrigatorio en todos os niveis educativos non universitarios. Garantirase o uso efectivo deste dereito en todos os centros públicos e privados”.

Atendendo a estes parámetros legais, a previsión do proxecto consonte coa cal o profesorado empregaría na aula a lingua que se determinase de acordo co resultado dunha consulta que se había de efectuar a cada familia acerca da lingua materna dos alumnos, vulneraba, a xuízo deste Alto órgano consultivo, a configuración do dereito fundamental de educación tal e como se desprende dunha interpretación integradora do artigo 10 e dos apartados 2, 3 e 5 do artigo 27 da CE. Da dicción destes preceptos constitucionais dedúcese que son os poderes públicos os que

teñen encomendada a programación xeral do ensino, na medida en que iso supón unha garantía de que todas as persoas, nun plano de igualdade, poden desenvolver libremente a súa personalidade.

Deste xeito, entendeu o Consello que someter a configuración dun dereito fundamental a votación, con renuncia da función de programación xeral do ensino que compete aos poderes públicos, infrinxía os devanditos preceptos constitucionais. É certo que no apartado 5 do artigo 27 CE se alude á “*participación efectiva de todos los sectores afectados*”; non obstante, isto non ampararía que a dita función dependese exclusivamente da vontade vinculante das familias e vulneraría o principio de competencia organizativa no ensino, en canto supón unha abdicación da dita competencia á que alude o citado precepto constitucional, e que, así mesmo, se desenvolve en distintos preceptos da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, segundo se expón máis amplamente na consideración quinta do ditame. Esta interpretación vese corroborada, *a contrario sensu*, polo feito de que a CE, no apartado 3 do citado artigo 27, unicamente recoñece unha esfera de elección no caso da formación relixiosa e moral.

Por outra banda, aquela previsión do proxecto tamén vulneraría o artigo 13 da Lei de normalización lingüística de Galicia (e, no caso do galego, en concreto, o artigo 8 da Carta Europea de Linguas Rexionais e Minoritarias) no que se establece o dereito do alumnado a recibir o primeiro ensino na súa lingua materna.

Este dereito incondicionado do alumno vese conculcado, entende o ditame, se o profesor “usa” unicamente na aula unha lingua diferente á súa. É certo que o proxecto de razón dispuña que “*se atenderá de xeito individualizado o alumnado que non teña coñecemento suficiente da lingua predominante*” e que o profesorado “*procurará que o alumnado adquira de forma oral e escrita o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia*” (parágrafo 1); mais, tal e como se sinalou no CCG 183/10, con estes circunloquios non se respectaba cabalmente o mandato da Lei de normalización lingüística, dado que non permitían entender que o alumno recibiría “*o primeiro ensino na súa lingua materna*”.

Por outra banda, se recoñecía no CCG 183/10, que o dereito que consagra o artigo 13 Lei de normalización lingüística non é absoluto, pois nun sistema de “*convención lingüística*” (modelo seguido pola antedita lei) o ensino é necesariamente bilingüe, característica definidora do modelo, polo que o alumnado non ten dereito a que se utilice a súa lingua materna como lingua única ou exclusiva na aula.

Precisamente por iso, a Administración educativa non debe garantir o emprego da lingua maioritaria polo alumnado senón que todos e cada un dos nenos poidan recibir a primeira ensinanza na súa lingua materna, sexa cal for esta, sendo así que tal circunstancia non se garantía suficientemente na regulación proxectada. De feito, a única medida prevista no texto sometido a ditame era “*a atención indivi-*

dualizada”, atención que podía bastar cando os alumnos que non tivesen como lingua materna a predominante na aula fosen unha minoría exígua, mais non naqueles casos, en absoluto extraordinarios na nosa sociedade, en que a proporción fose maior ou mesmo de ata o 49 %.

Certamente a dicción literal da Lei de normalización lingüística de Galicia non deixa moita marxe de manobra neste primeiro nivel educativo, sendo certo que a Administración pouco pode facer senón regular o emprego das linguas nesta, no senso de tender a empregar as dúas, indistinta e proporcionalmente ao seu emprego porcentual, satisfacendo así o dereito subxectivo de cada un dos alumnos.

Sen descoñecer que neste ciclo educativo a recepción do ensino na lingua materna se erixe no eixo esencial do sistema, tecnicamente é difícil dar una definición unívoca do que se entende por lingua materna, concepto que tampouco proporciona a Lei de normalización lingüística. O concepto máis aceptado é o que concibe como tal a lingua habitual no seo da familia, sexa nun ou outro dos idiomas, aínda que non se poden esquecer os datos que subministren documentos oficiais de estudo sociolingüístico que revelen unha situación de bilingüismo en determinadas familias, ou de monolingüismo, nun ou outro idioma, dentro dun contorno lingüístico dispar ou diverxente coa fala ou idioma familiar ou materno, como tampouco se pode esquecer a influencia e convivencia da lingua materna coa chamada “lingua ambiental” ou “lingua de contorno”, o que é característico de sociedades bilingües como a galega. Tales circunstancias, advertía o CCG 183/10, deben servir como presuposto para a programación lingüística no ensino, programación que, como é sabido, vén atribuída en exclusiva aos poderes públicos e non ás familias, sen prexuízo da súa colaboración nos termos que sinala a normativa básica do Estado, normativa que deben respectar os regulamentos que poida elaborar a comunidade autónoma.

Sobre a interrelación conceptual entre “*lingua materna*” e “*lingua ambiental*”, se pronunciaron as dúas Sentenzas do Tribunal Supremo do 5 de febreiro de 1988 (dúas sentenzas), e as do 16 de maio de 1990 e 28 de abril de 2000. A primeira delas di expresamente: “*la de relación, forma también parte del derecho a recibir educación y enseñanza en la materna*”. Corolario desta definición ou precisión do concepto de lingua materna é que a súa determinación non pode quedar unicamente vinculada a unha consulta aos pais, xa que tal consulta pode pór de manifesto a lingua predominante na aula ou no centro, mais non a lingua do contorno, que soamente pode ser contrastada por datos achegados por enquisas sociolingüísticas oficiais, nin, moito menos, a lingua materna do neno.

Desta forma a única vía que se entendeu polo Consello Consultivo plenamente respectuosa coa lexislación en materia de normalización lingüística era a de que fose no proxecto lingüístico onde se concretase, mediante todos os datos que o centro pode e debe barallar (datos sociolingüísticos, información facilitada polos pais e datos da observación directa do profesorado), cal era a lingua do contorno e

cal a materna predominante, así como os mecanismos específicos ou de uso proporcional de cada lingua, partindo sempre do necesario uso de ambas as dúas por parte do profesorado.

Así as cousas, o que acontecía no proxecto normativo sometido a ditame era que un regulamento pretendía desvirtuar un dereito legalmente configurado, limitando un dereito incondicionado recoñecido pola lei.

– A consulta ás familias sobre a asignación lingüística de determinadas materias nas etapas de educación primaria e secundaria.

O proxecto regulamentario sometido a ditame prevía para estas etapas educativas a atribución ás familias dunha capacidade decisoria no eido da programación, como consecuencia do resultado dunha consulta, que se presentaba como vinculante para a Administración educativa, en relación coa “*asignación lingüística*” de determinadas materias troncais, inicialmente establecida polo propio proxecto. En concreto, se sinalaba como aquela asignación sería modificada pola Administración educativa se así o “*determinase*” a metade máis unha das familias do alumnado matriculado nas referidas etapas.

Producíase, entón, un afastamento dos consellos escolares dos centros educativos de toda competencia ou coparticipación no dito proceso de *asignación lingüística* das ditas materias troncais, limitándose a competencia daqueles consellos a aprobar e avaliar o proxecto lingüístico redactado por unha comisión do profesorado do centro.

En canto á participación decisional das familias, que non se contemplaba nos anteriores decretos reguladores do uso do galego no ensino, a análise do outorgamento, vía regulamento, desa facultade esixía a busca dos títulos xurídicos habilitantes, debendo significarse que naquela se inserían, tanto o elemento educativo, concretamente no eido da programación, como o elemento lingüístico.

O primeiro dos títulos que considerou o CCG 183/10 foi o da competencia que ostenta a Comunidade Autónoma de Galicia en materia educativa, e en concreto, no eido da súa programación. Efectivamente, a Comunidade autónoma galega ostenta competencia plena para a regulación e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias, aínda que tal competencia debe ser entendida e actuada dentro do denominado bloque de constitucionalidade (artigos 27.5 e 149.1.30 da CE, artigo 31 do EAG, e artigos concordantes das Leis orgánicas 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito de educación, e 2/2006, do 3 de maio, de educación).

Pois ben, a atribución aos poderes públicos, en exclusiva (isto é, con carácter indispoñible e non abdicable) da competencia de programación educativa resulta dos

termos do artigo 27.5 da CE, cando establece que *“Los poderes públicos garantizarán el derecho de todos a la educación, mediante una programación general de la enseñanza, con participación efectiva de todos los sectores afectados y la creación de centros docentes”*.

Dos termos do precepto dedúcese que son os poderes públicos os que deben garantir o exercicio efectivo do dereito á educación, como servizo público que é, mediante a programación xeral do ensino. E, xustamente porque é responsabilidade das administracións educativas a realización dunha adecuada programación do ensino, e por constituír a dita tarefa unha garantía básica do dereito á educación, é polo que, a xuízo deste Alto órgano consultivo, resultaba indispoñible, irrenunciable e indelegable tal responsabilidade, en virtude do cal constitucionalmente non era admisible que a programación do ensino quedara, total ou parcialmente, a disposición da vontade exclusiva dos particulares, neste caso, das familias, como pretendía o proxecto.

Así o puxo xa de manifesto o propio Tribunal Constitucional, cando sinalou que *“al servicio de tal acción prestacional de los poderes públicos se hallan los instrumentos de planificación y promoción mencionados en el núm. 5 del mismo precepto”* (STC 86/1985). Do mesmo xeito, a sentenza 337/1994 precisou como *“en la Sentencia del TC 195/1989, se declaró que ninguno de los múltiples apartados del art. 27 de la Constitución Española -ni el primero, al reconocer el derecho de todos a la educación, ni el segundo o el séptimo, en los que aparecen claramente mencionados los padres de los alumnos (...)- incluye, como parte o elemento del derecho constitucionalmente garantizado, el derecho de los padres a que sus hijos reciban educación en la lengua de preferencia de sus progenitores en el centro docente público de su elección”*.

Mesmo se engadía na referida sentenza que *“El derecho de todos a la educación, no cabe olvidarlo, se ejerce en el marco de un sistema educativo en el que los poderes públicos -esto es, el Estado a través de la legislación básica y las Comunidades Autónomas en el marco de sus competencias en esta materia- determinan los currículos de los distintos niveles, etapas, ciclos y grados de enseñanza, las enseñanzas mínimas y las concretas áreas o materias objeto de aprendizaje, organizando asimismo su desarrollo en los distintos Centros docentes; por lo que la educación constituye, en términos generales, una actividad reglada. De este modo, el derecho a la educación que la Constitución garantiza no conlleva que la actividad prestacional de los poderes públicos en esta materia pueda estar condicionada por la libre opción de los interesados de la lengua docente. Y por ello los poderes públicos -el Estado y la Comunidad Autónoma están facultados para determinar el empleo de las dos lenguas que son cooficiales en una Comunidad Autónoma como lenguas de comunicación en la enseñanza, de conformidad con el reparto competencial en materia de educación”*.

Certo é que o artigo 27 CE engade que a devandita tarefa garantista encomendada aos poderes públicos contará coa participación efectiva de todos os sectores afectados, participación que o apartado 7 do precepto estende á *“intervención de profesores, padres y, en su caso, alumnos en el control y gestión de los centros sostenidos con fondos públicos”*. Mais, entendeu o CCG 183/10 que tal participación debía axustarse á Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOE), que contempla o deseño competencial, orgánico e de contido da programación educativa, consonte a un modelo que podemos cualificar de programación *“en cascada”*.

A estes efectos o ditame traía a colación que o instrumento que actúa e concreta a programación educativa é o *“currículo”*, definido no artigo 6 da citada Lei orgánica 2/2006 como *“el conjunto de objetivos, competencias básicas, contenidos, métodos pedagógicos y criterios de evaluación de cada una de las enseñanzas reguladas en la presente Ley”*.

O seu propio artigo 6.2 encoméndalle ao Goberno, *“con el fin de asegurar una formación común y garantizar la validez de los títulos correspondientes”*, que fixe os aspectos básicos do currículo que constitúen as ensinanzas mínimas ás que se refire a disposición adicional primeira, apartado 2, letra c) da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación, precisando o seu nº 3 que os contidos básicos das referidas ensinanzas mínimas *“requerirán el 55 por 100 de los horarios escolares para las Comunidades Autónomas que tengan lengua cooficial y el 65 por 100 para aquellas que no la tengan”*, engadindo o apartado 4 como *“Las Administraciones educativas establecerán el currículo de las distintas enseñanzas reguladas en la presente Ley, del que formarán parte los aspectos básicos señalados en apartados anteriores. Los centros docentes desarrollarán y completarán, en su caso, el currículo de las diferentes etapas y ciclos en uso de su autonomía y tal como se recoge en el capítulo II del título V de la presente Lei”*.

Pois ben, como advertiu o CCG 183/10, esta última competencia exerceuse a través dos órganos de goberno dos centros: consellos escolares e claustro de profesores (art. 119 LOE).

Pecha ese modelo de programación educativa, o denominado *“proyecto educativo”*, que consonte o art.121 LOE *“incorporará la concreción de los currículos establecidos por la Administración educativa que corresponde fijar y aprobar al Claustro, así como el tratamiento transversal en las áreas, materias o módulos de la educación en valores y otras enseñanzas”*, tomando como criterios *“las características del entorno social y cultural del centro”*, sen esquecer a participación que o profesorado ten nese ámbito a través do claustro de profesores e a execución da programación e ensinanza nas áreas, materias e módulos que teñan encomendados.

Sitúase así ao centro educativo, a través do consello escolar do centro, na base desa estrutura na que se inserta a programación educativa, afirmación que

deriva do artigo 125 da citada lei cando dispón como *“Los centros educativos elaborarán al principio de cada curso una programación general anual que recoja todos los aspectos relativos a la organización y funcionamiento del centro, incluidos los proyectos, el currículo, las normas, y todos los planes de actuación acordados y aprobados”*.

A propia LOE (artigo 118) sitúa a sede da participación e corresponsabilidade das familias na educación dos seus fillos nos centros educativos, garantindo e establecendo, mediante o mecanismo da representación, a súa participación nos órganos de goberno destes, facendo así realidade o dereito que proclama o artigo 4 da Lei orgánica 8/1985, reguladora do dereito á educación, *“a participar en el proceso de enseñanza y aprendizaje de sus hijos”*.

Por outra banda, engadía o Consello no seu ditame, son moitas as pasaxes onde a referida Lei orgánica chama ao exercicio do dereito de participación dos pais ou familias en aspectos que teñen que ver coa educación dos seus fillos, pero sempre, como non podía ser doutro modo, dentro das canles orgánico-participativas previstas nela.

De feito, o propio proxecto de decreto reconece ese protagonismo na materia planificadora aos centros educativos, sen participación ningunha codecisiva das familias, no caso do bacharelato. Así, o artigo 8 dispón: *“Cada centro educativo, segundo o establecido no regulamento de centros, establecerá unha oferta equilibrada na mesma porcentaxe de materias comúns, de modalidade e optativas para impartir en galego e en castelá. Este proceso realizarase cada catro cursos escolares”*.

Pois ben, á vista de todo o exposto o Consello Consultivo de Galicia entendeu que, sendo certo que a participación das familias era fundamental, e a súa colaboración imprescindible para acadar os obxectivos dunha formación integral dos fillos, esa forma de elección que pretendía configurar o proxecto de decreto, ademais de non atopar sustento na nosa Carta Magna, consonte a xa citada doutrina do Tribunal Constitucional, e dado que tampouco foi obxecto de recoñecemento por disposición legal, no marco da Lei orgánica de educación, non podía ser establecida, *ex novo*, por unha norma regulamentaria como a que se ditaminaba, ao carecer do rango preciso para abordar tan transcendente aspecto.

En definitiva, concluía o CCG 183/10 que no noso ordenamento non tiña cabida un modelo como o proposto, no que a responsabilidade da elección do idioma no ensino, ou a distribución das materias troncais entre os dous idiomas, galego e castelán, recaera, sequera en parte, nas familias, con abdicación da responsabilidade educativa que o artigo 27 da CE atribúe aos poderes públicos, de xeito que a projectada regulación se situaba, neste concreto aspecto, fóra do edificio organizativo que para a programación educativa diseña a referida LOE.

Tal asignación curricular-idiomática faríase, por outra banda, sen outro criterio que a vontade maioritaria expresada polas familias, á marxe, por tanto, doutros criterios ou estándares tales como o entorno socio-lingüístico ou as razóns pedagóxicas, entre outras, a cuxa consideración tamén obrigarían tanto a normativa básica do Estado xa citada, como a propia Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.

Finalmente, o ditame do Consello Consultivo entendeu preciso facer referencia ao cúmulo de dificultades de índole estritamente xurídica que, á marxe dos problemas de oportunidade xa postos de manifesto de xeito abafador nos trámites de audiencia e información pública (conflitos indesexables nos centros educativos e de división na comunidade escolar ao trasladar tal decisión ao conxunto das familias), presenta esta pretendida configuración da participación familiar como criterio exclusivo e vinculante para a Administración educativa, canalizada a través do sistema de votación cada catro anos.

En primeiro lugar, a previsión dese prazo de catro anos semellaba arbitraria na medida na que supuña o descoñecemento e vulneración dos dereitos (dereito á educación e dereito a un trato non discriminatorio, fundamentalmente) daqueles pais cuxos fillos se incorporasen ao sistema con posterioridade ao momento en que por maioría se tivera acordado a distribución dos dous idiomas, xerando unha situación que, sen ter participado no proceso, se verían obrigados a soportar durante o longo período de catro anos.

En segundo lugar, notaba o CCG 183/10, era preciso relacionar a consulta vinculante en cuestión co disposto no artigo 78.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (en adiante, LRXPAC) cando afirma que *“Los resultados de los sondeos y encuestas de opinión que se incorporen a la instrucción de un procedimiento deberán reunir las garantías legalmente establecidas para estas técnicas de información así como la identificación técnica del procedimiento seguido para la obtención de estos resultados”*. A xuízo do ditame, a consulta ás familias previstas no proxecto de decreto, podía ser considerada como unha sorte de enquisa ou sondaxe, cando non como un verdadeiro referendo vinculante, o que xa derivaría indubidablemente á lexislación na materia. Sen embargo, en ningún momento a regulación proxectada fai referencia aos requisitos, procedementos ou formas en que estas consultas se levarán a cabo, nin as garantías daqueles, ou forma de publicación dos resultados. E tampouco se precisa, sendo un aspecto esencial, a forma en que tales resultados se incorporarán ao procedemento, como motivación de determinadas eleccións lingüísticas.

Mesmo cabe preguntarse se, dende este punto de vista, é posible por vía de regulamento establecer *ex novo*, isto é, sen norma de rango legal que lle outorgue cobertura, unha regulación como a proxectada. A resposta, a xuízo do Consello

Consultivo, debía ser necesariamente negativa, pois a dicción literal do precepto é clara cando remite ás “*garantías legalmente establecidas*”.

Débase notar que no proxecto regulamentario non se facía referencia a lexislación ningunha onde se regulasen tales requisitos, garantías e procedemento, e tampouco semellaba que lle puidese ser de aplicación o disposto na Lei de estatística de Galicia, Lei 9/1988, do 19 de xullo, ou noutra norma legal que puidera ser identificable a partir do texto analizado, polo que a figura desta “*consulta*” dificilmente podería ter encaixe no marco do ordenamento xurídico.

Por outra banda, e para o suposto, xa apuntado, de que esta “*consulta*” fose considerada como unha especie de referendo, vinculante para a Administración educativa segundo se desprende da pretendida regulación, de novo atopariámonos ante unha figura proscriba, ou cando menos de utilización imposible pola comunidade autónoma, xa que a súa regulación propia, artigo 92 CE e Lei Orgánica 2/1980, do 18 de xaneiro, pola que se regula o referendo, establece que este é unicamente de competencia estatal (artigo 2).

Outra orde de problemas aos que o texto non daba resposta, como recolleu o CCG 183/10, era a propia terminoloxía empregada na redacción do texto proxectado que obrigaba á modificación da asignación lingüística cando así o determinase a metade máis un das “*familias do alumnado*”.

O concepto “*familia*” era un concepto xurídico altamente indeterminado no proxecto –non con carácter xeral no ámbito educativo, onde é empregado pola LOE– xa que non se podía saber que se entendía por familia para os efectos desta “*consulta*”. Así, podería referirse a unha unidade de voto no caso de familias conformadas por parellas ligadas con vínculo matrimonial, ou a familias monoparentais, mais a indefinición do texto impedía por completo concretar tan fundamentais extremos abocando a unha plena inseguridade xurídica. En definitiva, e dado que se estaba a referir á determinación subxectiva, ao censo, desa enquisa ou sondaxe, era patente que xuridicamente quedaban totalmente indeterminados os suxeitos con dereito a emitir tales votos.

Ítem máis, malia que se pretendese derivar a decisión sobre tales aspectos aos pais, finalmente, o certo é que, vinculadamente ou non, era, en definitiva, un acto administrativo o que debía dar forma a tal decisión. Un acto en cuxa xénese participarían diferentes interesados para os que, na regulación do texto sometido a ditame, non se prevían vías de recurso fronte ao acto finalizador, ou, mesmo, contra os resultados de tales consultas.

Finalmente, débese advertir que a única previsión que recollía o proxecto de decreto para tan relevante cuestión era a remisión, recollida nunha disposición adicional, a unha posterior orde do conselleiro correspondente por razón da materia a fin

de que efectuase unha completa concreción de aspectos tan relevantes como os xa citados, o que se traducía nunha plena desregularización desta materia.

A xuízo do CCG 183/10, e independentemente da existencia da reserva legal expresa do artigo 78.2 LRXPAC antes sinalada, unha norma con rango de decreto (menos aínda unha orde do conselleiro), non era a vía axeitada e precisa para establecer a regulación dun procedemento de tal calado e que afectaba de tal forma aos dereitos e liberdades da cidadanía. Polo tanto, a regulación proxectada adoeceía tamén neste punto dunha importante carencia de rango normativo.

O ditame de razón foi aprobado por maioría dos membros do Consello Consultivo, formulándose a aquel dous votos particulares: un deles sostén, a maiores, a ilegalidade dos artigos 4.1 e 2 e 12.3 do proxecto; outro defende a legalidade do texto sometido a ditame.

1.2- A declaración responsable como mecanismo de control *a priori*, a propósito da prestación de servizos de identificación do gando bovino, ovino e cabrún

Ao longo do ano 2010 o Consello Consultivo de Galicia tivo ocasión de dimitinar diversos proxectos regulamentarios que recollían a figura da “*declaración responsable*”, introducida no noso dereito (artigo 71 bis da LRXPAC) mediante a Lei estatal 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.

Un destes proxectos regulamentarios foi o “*proxecto de decreto polo que se regulan as entidades identificadoras recoñecidas para a prestación dos servizos de identificación do gando bovino, ovino e cabrún e o seu rexistro oficial*”, proxecto de decreto que establece un novo sistema organizativo da identificación do gando, baseado na libre prestación deste servizo por entidades privadas aos gandeiros, responsables da identificación dos animais.

O ditame de razón (CCG 454/10) partía para o estudo do proxecto da Directiva 2006/1231 CE do Parlamento europeo e do Consello de 12 de decembro de 2006 relativa aos servizos do mercado interior, cuxo obxectivo é a liberalización do mercado de servizos, suprimindo, minimizando ou racionalizando os requisitos esixidos para a realización destas actividades. A transposición desta directiva ao ordenamento xurídico español realizouse en primeiro lugar pola xa citada Lei 17/2009, do 23 de novembro, de libre acceso ás actividades e servizos e o seu exercicio que ten carácter de normativa básica.

O artigo 3 desta lei define “*servizo*” como calquera actividade económica por conta propia, prestada normalmente a cambio dunha remuneración, contemplada no artigo 50 do Tratado da Comunidade Europea; “*prestador*” como calquera persoa

física con nacionalidade de calquera Estado membro, ou residente legal en España, ou calquera persoa xurídica ou entidade constituída de conformidade coa lexislación dun Estado membro cuxa sede social ou centro de actividade principal se atope dentro da Unión Europea e ofrezca ou preste un servizo; “*autorización*” como calquera acto expreso ou tácito da autoridade competente que se esixa, con carácter previo, para o acceso a unha actividade de servizos ou o seu exercicio; “*requisito*” como calquera obrigación, prohibición, condición ou límite ao acceso ao exercicio dunha actividade de servizos previstos no ordenamento xurídico ou derivados da xurisprudencia ou das prácticas administrativas ou establecidas nas normas dos colexios profesionais; e, finalmente, “*declaración responsable*” como o documento subscrito pola persoa titular dunha actividade empresarial ou profesional no que declara, baixo a súa responsabilidade, que cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente que así o acredita e que se compromete a manter o seu cumprimento durante a vixencia da actividade.

Pois ben, toda vez que para o exercicio da actividade de identificación era preciso o cumprimento de determinados requisitos, o proxecto de decreto remitido ao Consello Consultivo de Galicia sometía o exercicio desta actividade á presentación polos prestadores do servizo dunha declaración responsable diante da autoridade competente da Administración autonómica. Polo tanto tratábase, non dun procedemento de autorización, no que existiría un acto previo da autoridade competente para o acceso á actividade, senón dunha declaración responsable do cumprimento dos requisitos esixidos, efectuada polo propio prestador do servizo e que non implica un acto da autoridade competente sobre este cumprimento.

Efectivamente, tanto a Directiva como a Lei 17/2009 establecen como norma xeral que as actividades de prestación de servizos se sometan a un control “*a posteriori*”, reservando o control “*a priori*”, mediante o sistema de autorización, so para aqueles casos en que resulte xustificada por unha razón imperiosa de interese xeral.

Obviamente, argumenta o ditame, este sistema pode implicar riscos para os dereitos dos usuarios dos servizos, que poden verse afectados por unha diminución da calidade dos servizos ao utilizarse unha técnica de control menos esixente; por iso o Consejo de Estado no seu ditame sobre o proxecto de lei de transposición da Directiva sinala a necesidade de que esta supresión de controles vaia acompañada do correspondente aumento dos mecanismos de control “*a posteriori*” da actividade e dun esforzo na protección dos dereitos dos usuarios e de fomento da calidade do servizo.

Sobre esta base indicábase no proxecto que “*a presentación da declaración responsable supón a habilitación para exercer a actividade dende o día da súa presentación*”; sen embargo o texto sometido a ditame parecía mesturar elementos propios do sistema de declaración responsable con outros propios do sistema de autorización.

Así, a confusión comezaba coa propia denominación do proxecto, que facía referencia a “*entidades recoñecidas*” (expresión que tamén se empregaba no articulado). Pois ben, esta expresión podía implicar a idea de que a Administración facía unha actuación de verificación das condicións da entidade, cuestión que non se axustaba ao sistema de declaración responsable, e que, certamente, podía inducir a erro aos usuarios do servizo sobre a condición das empresas que o prestasen, entendendo que se trataba de empresas recoñecidas pola Administración autonómica e, polo tanto, coas garantías de calidade que parecían derivarse deste recoñecemento.

A confusión entre o sistema de autorización e o de declaración responsable resultaba tamén evidente ao regular a revogación do dereito ao exercicio da actividade.

A revogación en dereito administrativo supón deixar sen efecto un acto administrativo anterior mediante outro de sentido contrario. Sen embargo, no caso da declaración responsable, non existe este acto administrativo previo, que si existiría nun sistema de autorización, suposto no que tería sentido falar de revogación de autorización. No sistema de declaración responsable, pola contra, pártese da existencia do dereito do interesado a prestar o servizo, e o exercicio deste dereito poderá ser limitado pero en ningún caso revogado.

Deste xeito, como se sinalou no CCG 454/10, no sistema de declaración responsable o que procede é actuar da maneira prevista no art. 71 bis da LRXPAC, que permite á Administración declarar a imposibilidade de que a persoa prestadora continúe co exercicio da actividade, mesmo incluso establecendo un período de tempo antes de que poida reiniciala, con base no incumprimento dos requisitos establecidos.

Noutra orde de cousas, o proxecto sometido a ditame establecía que, para iniciar a actividade de identificación de animais, a entidade había de presentar a declaración responsable diante da dirección xeral competente en materia de gandería, sendo así que, segundo o artigo 71 bis da LRXPAC, a declaración, en todo caso, poderá presentarse a distancia por vía electrónica.

Advertía ademais o CCG 454/10 que esta opción de presentación da declaración responsable por vía electrónica ou telemática había de regularse expresamente xa que o artigo 5 do Decreto 164/2005, do 16 de xuño, que regula as oficinas de rexistros e o rexistro telemático da Xunta de Galicia, establece que para a utilización do rexistro telemático é necesario que esta posibilidade estea previamente prevista na normativa aplicable aos procedementos administrativos obxecto da tramitación electrónica na Xunta de Galicia. En consecuencia, a falta de referencia no proxecto a esta posibilidade impediría esta presentación por vía electrónica esixida, en todo caso, pola lei.

2.- REVISIÓN DE OFICIO E LITISPENDENCIA

Produciuse no ano 2010 un cambio na doutrina deste Consello Consultivo no tocante á posibilidade de revisar de oficio un acto administrativo cando se atopase pendente de resolución un proceso ante os tribunais de xustiza, con identidade de suxeitos, obxecto e causa.

Ata o de agora o Consello Consultivo (*vid.* o CCG 647/06 ou 1104/07) entendía que, dándose aquela tripla identidade, a excepción da litispendencia podía ser alegada, constituíndo óbice para a revisión de oficio que se pretendía.

O CCG 79/10, relativo á “*revisión de oficio das bases xerais dos procesos de selección de persoal laboral fixo do Consorcio, correspondentes á oferta complementaria de emprego público desta entidade para o ano 2008*”, modificou aquela doutrina, admitindo a posibilidade de revisar de oficio un acto administrativo sobre o que se tivese interposto un recurso contencioso.

Pois ben, na análise do asunto sometido a ditame, partíase da configuración do procedemento de revisión de oficio dos actos administrativos como unha facultade de revisión de situacións xa establecidas, facultade dunha potencialidade tal que a LRXPAC somete o seu eventual exercicio a garantías reforzadas.

Débase notar que na revisión de oficio conflúen valores contrapostos proveenientes, por unha parte, do principio de seguridade xurídica e, por outra parte, do principio de legalidade, pois a revisión de oficio non é senón unha actividade de parte, na que a propia Administración expulsa do mundo do dereito, por unilateral pronunciamento, algunha das súas decisións anteriores, decisións que, en canto que actos administrativos e por expresa previsión legal, gozan do reforzo da presunción de axuste á legalidade.

Ademais, advirte o CCG 79/10, no réxime común e básico establecido pola Lei sobre réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC), o procedemento da revisión de oficio ten un marcado carácter excepcional, co cal non se quere significar, dende logo, que a Administración poida acudir a ese procedemento en supostos de excepción discrecionalmente apreciados por ela, senón que esa vía queda circunscrita unicamente aos casos nos que concorre algún dos motivos de nulidade de pleno dereito, que son os establecidos, á marxe do previsto na lexislación sectorial, no artigo 62.1 LRXPAC. Así pois, só cando concorran supostos de feito concretos, equivalentes ás causas de nulidade de pleno dereito do artigo 62.1 LRXPAC, a Administración pode expulsar da vida xurídica os actos afectados por esa clase de invalidez a través da súa revisión de oficio. E pode facelo en virtude do privilexio de autotutela decisoria que o ordenamento xurídico lle recoñece, e no que a doutrina pon o fundamento do poder de revisión de

oficio, un poder entendido como a posibilidade que ten a Administración de realizar a súa propia tutela xurídica sen auxilio dos Tribunais, eliminando, no interese do propio ordenamento xurídico, os seus propios actos viciados de nulidade de pleno dereito, para o cal non precisa de xustificación en tanto en canto, no ámbito dos actos nulos de pleno dereito, a causa de nulidade implica por si mesma o especial interese do ordenamento xurídico na súa retirada, un interese público que non pode ser discutido porque o único que pode definilo e o define é o propio lexislador.

Incluso, refire o CCG 79/10 como a Administración non ten unha mera facultade de eliminar de oficio os actos afectados de nulidade radical, senón que debe facelo, pois así o impón categoricamente o artigo 102.1 LRXPAC ao dispoñer que *“Las administraciones públicas ... declararán de oficio la nulidad de los actos administrativos... en los supuestos previstos en el artículo 62.1”*, o que se contrapón ao *“podrán declarar”* do artigo 102.2 LRXPAC, relativo ás disposicións xerais.

Neste sentido, citaba o ditame a Sentenza do Tribunal Supremo do 27 de xaneiro do 2010 que sinala como *“es evidente que cuando el artículo 102 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, establece la posibilidad de proceder a la revisión en cualquier momento de los actos nulos de pleno derecho, no sólo establece una potestad, sino también un mandato, pues así se desprende del sometimiento de la Administración al ordenamiento jurídico que se establece en nuestra Constitución en los artículos 9.1 y 103.1. En otras palabras, si la Administración puede declarar la nulidad de un acto por ser nulo de pleno derecho, ha de hacerlo, pues la Administración no es libre de ejercitar esa potestad o no, y la prueba de ello, es que la falta de declaración de dicha nulidad puede ser recurrida ante los Tribunales, y estos pueden controlar la legalidad de esta actuación u omisión”*.

Partindo, entón, da existencia dunha obriga tal para a Administración, o CCG 79/10 sostén a posibilidade de revisar de oficio un acto administrativo, aínda cando exista un proceso contencioso – administrativo no que se estea a dilucidar a legalidade do acto por idénticos motivos que os esgrimidos no procedemento revisorio. Tal posibilidade alicérase nas seguintes consideracións:

a) A litispendencia é unha institución procesual propia dos procesos xudiciais construída sobre a base da existencia de dous ou máis litixios pendentes sobre o mesmo, e a súa apreciación require da concorrencia, nos diversos procesos instados fronte a un mesmo acto, dos elementos propios da cousa xulgada: suxeitos, *“causa petendi”* e *“petitum”*. Trátase, en consecuencia, dunha institución estraña ao procedemento administrativo, de forma que aplicala neste ámbito suporía situarse basicamente fora da institución da litispendencia, que, como se dixo, responde á existencia de diversos procesos xudiciais, non dun proceso xudicial e un procedemento administrativo, non existindo norma legal que estableza semellante relación de litispendencia entre a Administración e a xurisdición.

Por outra banda, non é a Administración senón a xurisdición á que compete en exclusiva, no exercicio da potestade que lle confire o artigo 117.3 CE, pronunciarse acerca da efectiva concorrencia de todas e cada unha das identidades requiridas pola legalidade procesual para apreciar a existencia de litispendencia, algo que no proceso contencioso - administrativo só procede declarar, en calquera caso, en segundos ou posteriores procesos e na propia sentenza, sen anticipar ese pronunciamento ao trámite de admisión previa do recurso.

b) Da mesma forma que só por motivos excepcionais legalmente determinados pode a Administración utilizar a vía da revisión de oficio para deixar sen efecto os seus propios actos, igualmente só por motivos excepcionais e previstos legalmente pode verse privada a Administración daquela potestade que a LRXPAC lle concede e cuxo exercicio lle impón.

Eses motivos excepcionais ou límites para a revisión de oficio son os establecidos no artigo 106 LRXPAC, que, baixo o título de “*Límites de la revisión*”, dispón que “*Las facultades de revisión no podrán ser ejercitadas cuando por prescripción de acciones, por el tiempo transcurrido o por otras circunstancias, su ejercicio resulte contrario a la equidad, a la buena fe, al derecho de los particulares o a las leyes*”. A expresión “*dereito dos particulares*” podería cadrar particularmente coa situación do caso; mais, como sostén o ditame, sen dúbida está a referirse ao dereito dos terceiros, non ao dos beneficiados polo acto administrativo en transo de revisión, porque senón o instituto da revisión perdería toda a súa virtualidade e razón de existir. Por tanto, para a salvagarda dos dereitos dos beneficiados polo acto administrativo de referencia, basta con que aqueles sexan oídos e poidan defenderse no procedemento de revisión.

Aos límites do artigo 106 debe engadirse, nos supostos de identidade subxectiva, a cousa xulgada nas sentenzas desestimatorias do recurso contencioso-administrativo en relación coas razóns e fundamentos considerados a tal fin polo órgano xudicial e nas sentenzas estimatorias de pretensións de anulación, o que se conecta co deber de cumprimento das sentenzas e demais resolucións firmes dos xuíces e tribunais, de acordo co establecido polos artigos 118 CE e 103.2 da Lei reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e o dereito constitucional á tutela xudicial efectiva, proclamado polo artigo 24.1 CE, en canto garantizador da intanxibilidade do resolto por sentenza xudicial firme.

Así pois, a xuízo do ditame, a situación normativa é inequívoca e non admite interpretacións extensivas de ningún tipo cando do que se trata é de facer valer o carácter de vicios de orde público que teñen as causas de nulidade de pleno dereito no noso sistema, que afectan aos mesmos presupostos da convivencia social.

Neste punto, conclúe o Consello Consultivo que a excepción de litispendencia non se atopa prevista legalmente como un dos límites materiais ao exercicio da

potestade de revisión de oficio; de aí que non poida aplicarse esa excepción para privar á Administración da facultade que a lei lle concede de utilizar a vía da revisión de oficio coa finalidade de deixar sen efecto os seus propios actos, nin para excluila do deber de cumprir o mandato que en forma categórica lle impón o artigo 102.1 LRXPAC.

c) O privilexio de autotutela decisoria, que serve de fundamento ao poder de revisión de oficio, define un ámbito necesario de actuación da Administración que engarza co principio de eficacia enunciado no artigo 103.1 CE, o cal non pode paralizarse por actuacións xudiciais previas e en cuxo desenvolvemento non pode interferir a xurisdición, que unicamente está chamada a intervir cando esa actuación se teña xa producido e precisamente para verificar se a decisión administrativa se axustou ou non á legalidade. Esa articulación entre autotutela administrativa e xurisdiccional, que se moven en planos distintos, fai que non poidan compartirse por este Consello Consultivo criterios como o exposto no ditame do Consejo de Estado do 21 de novembro de 1989, hoxe certamente superado pola súa doutrina posterior, no que apelando a un argumento *“minus ad maius”* se mantiña que *“Si los órganos jurisdiccionales que están llamados a decir la última palabra en punto a la legalidad de los actos administrativos (artículo 106 de la Constitución), tienen que sujetarse a esta regla inexorable del “non bis in idem”, no hay ninguna razón para que la Administración, al hacer uso del privilegio que la Ley le otorga de revisar en primera instancia la legalidad de sus propios actos, disponga de mayores facultades que los propios órganos jurisdiccionales que son los que tienen que decidir en última instancia...”*, o que lle permitía concluir que *“En definitiva, debe llegarse a la conclusión de que la excepción de “litispendencia” puede ser alegada y debe prosperar, en los procedimientos de revisión de oficio, siempre que resulte acreditado que, sobre el mismo asunto, esto es, sobre la legalidad del acto cuya revisión se pretende, se halle pendiente la resolución de un proceso ante los Tribunales de Justicia competentes”*.

En efecto, a doutrina do Consejo de Estado sobre o particular evolucionou dende unha primeira fase na que mantiña sen ambaxes que en principio non cabía a revisión de oficio se previamente se iniciou a vía do recurso contencioso - administrativo (da que é representativo o ditame antes citado), ata a fase actual na que decididamente sostén, en contemplación á nova redacción do artigo 102 LRXPAC, que a existencia dun recurso contencioso-administrativo pendente non impide á Administración incoar un procedemento administrativo de revisión de oficio, sen prexuízo da existencia de razóns de oportunidade en algúns casos que aconsellen non facelo (v. gr. ditames 1759/2003 ou 350/2005).

Debe ao respecto advertirse de que é a propia Administración a quen lle corresponde valorar a concorrencia desas razóns de oportunidade que puideran servir de límite á revisión, propiciando entón un mantemento da situación xurídica existente, e isto sen prexuízo do eventual control xudicial.

d) O Tribunal Supremo, e en relación con actos impugnados en vía contencioso - administrativa, non parece por máis límite á posibilidade de revisión de oficio que o feito de que, ao accionarse nesa vía xudicial fronte a actos administrativos iniciais potencialmente incurso en causa de nulidade de pleno dereito, se tivera ditado en relación a esa impugnación (por razón de nulidade de pleno dereito), decidíndoa, unha resolución xudicial que adquirira firmeza (Sentenzas do Tribunal Supremo de 21 de xullo do 2003, 17 de decembro do 2007 e 28 de maio do 2008); así mesmo, e en supostos de recurso directo (xurisdiccional, obviamente) contra normas regulamentarias, ten declarado o Tribunal Supremo que aquel recurso perde o seu senso cando, ao tempo de ditarse sentenza, a norma regulamentaria foi xa eliminada, “*por cualquier otro medio*”, do propio ordenamento xurídico (Sentenza do Tribunal Supremo de 18 de maio do 2006), o que implica admitir que é posible simultanear o recurso contencioso-administrativo con, entre outros, o procedemento de revisión de oficio.

Pois ben, atendendo a todas estas razóns, o CCG 79/10 concluíu que a pendencia de resolución dun proceso contencioso - administrativo, no que se impugna o acto cuxa revisión de oficio pretende a Administración por estar afectado dun vicio de nulidade de pleno dereito, non é circunstancia que permita aplicar a excepción procesual de litispendencia como límite material que elimine a potestade de revisión de oficio por parte da Administración que ditou o acto.

A este ditame formulouse un voto particular, que defende para este tipo de supostos a absorción plena do coñecemento do asunto pola xurisdición.

3.- CONTRATOS ADMINISTRATIVOS E CONCESIÓN ADMINISTRATIVAS

3.1.- Caducidade por inactividade da Administración nos procedementos de resolución dos contratos administrativos

En distintos asuntos sometidos a ditame do Consello Consultivo neste ano 2010 (entre outros, o CCG 218/10, 327/10, 406/10 ou 573/10) se apreciou unha demora na tramitación do procedemento de resolución dos contratos administrativos, demora determinante da súa caducidade en aplicación do establecido nos artigos 42.2, en relación co 42.3 a), e 44.2 da LRXPAC.

En concreto, o Tribunal Supremo, na súa sentenza de 13 de marzo de 2008, razoa que “*Se cumplen con toda evidencia los requisitos que a primera vista, desde la sola literalidad de las normas, son necesarios para poder aplicar con carácter supletorio a los procedimientos de resolución de contratos las de la Ley 30/1992 referidas a la caducidad de los procedimientos. No es sólo que la Disposición adicional séptima de la Ley 13/1995, cuyo epígrafe era el de “Normas de procedimiento”, orde-*

nara que a los “procedimientos en materia de contratación administrativa” se les aplicara supletoriamente esa Ley 30/1992 (aplicación supletoria ordenada luego, reiterada, en la Disposición adicional séptima del Texto Refundido de la Ley de Contratos de las Administraciones Públicas aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de junio; y también en la Disposición final octava, número 1, de la Ley 30/2007, de 30 de octubre, de Contratos del Sector Público). Es, además, que la Ley 30/1992 regula los efectos de la inactividad en los procedimientos iniciados de oficio con vocación de generalidad, de aplicación en principio a todos ellos; y que con igual vocación dispone que la consecuencia ligada a esa inactividad en los procedimientos susceptibles de producir efectos desfavorables es la de que “se producirá la caducidad”. Y es, en fin, que las normas que la Sala de instancia aplicó, las mismas que se consideran infringidas en el motivo de casación y las otras que en éste se citan al transcribir aquellos dictámenes, nada disponían en ningún sentido al regular el procedimiento de resolución de los contratos administrativos sobre los efectos que hubieran de ligarse a la inactividad o falta de resolución expresa y notificación de la misma dentro del plazo máximo para hacerlo; bastando para percibirlo con la sola lectura de los artículos 60 y 113 de la Ley 13/1995, 26 del Real Decreto 390/1996 (...).”

Na propia resolución, o tribunal sentenciador continúa argumentando que *“Aquella idea deslizada en el motivo de casación y no desarrollada, referida a una hipotética incompatibilidad entre la caducidad del procedimiento prevista en la Ley 30/1992 y los principios generales que inspiran la materia de la contratación administrativa, no se percibe en lo que ahora nos importa, esto es, en lo que hace a los procedimientos de resolución de dichos contratos y menos, aún, en los que la causa de resolución sea, como en el caso de autos, la de la imputación al contratista de un incumplimiento culpable. La previsión de la caducidad del procedimiento persigue evitar situaciones de incertidumbre jurídica que se prolonguen injustificadamente en el tiempo; prolongación nada deseada, sino todo lo contrario, en el seno de una relación contractual cuando una de las partes pretende poner fin a ella, extinguiéndola anticipadamente; y menos deseada, aún, cuando el origen de esa pretensión es una causa, como aquélla, que no aboca sin más a la resolución, sino que se traduce en una facultad de opción de la Administración entre forzar el cumplimiento estricto de lo pactado o acordar la resolución. En la misma línea, tampoco habla a favor de aquella incompatibilidad la norma según la cual “todos los trámites e informes preceptivos de los expedientes de resolución de los contratos se considerarán de urgencia y gozarán de preferencia para su despacho por el órgano correspondiente”, que recogió el inciso final del último párrafo del artículo 157 del Reglamento de 1975 y luego el artículo 109.2 del Reglamento de 2001. A su vez, la mayor o menor complejidad de un tipo concreto de procedimientos no demanda de suyo la exclusión del instituto de la caducidad, sino la fijación en la norma oportuna (artículo 42.2 de la Ley 30/1992) del plazo máximo, adecuado a aquella complejidad, en que haya de notificarse la resolución expresa que ponga fin a ese tipo de procedimientos”*.

Atendendo a esta xurisprudencia, nos procedementos de resolución de contratos administrativos, a falta de previsión legal específica, debe entenderse de aplicación subsidiaria a previsión do artigo 42.3 da LRXPAC, que dispón como “*cuando las normas reguladoras de los procedimientos no fijen el plazo máximo, este será de tres meses*”. E, de acordo co previsto no artigo 44.2 do antedito texto legal, a falta de resolución en prazo determinará a caducidade do actuado con arquivo das actuacións.

3.2.- Prazo máximo para ditar resolución nos procedementos de declaración de caducidade das concesións administrativas

O artigo 27 do Estatuto de Autonomía de Galicia atribúe á nosa comunidade autónoma competencia exclusiva en materia de “*portos, aeroportos e heliportos non cualificados de interese xeral polo Estado, e os portos de refuxio e portos e aeroportos deportivos*”.

Con base neste título competencial, prevé o artigo 11.1 f) da Lei 5/1994, do 29 de novembro, de creación do ente público Portos de Galicia, que corresponde á consellería con competencia en materia de portos a facultade para outorgar concesións sobre os portos competencia da comunidade autónoma e, conseguintemente, debe entenderse, a competencia para declarar a caducidade daquelas nos supostos nos títulos concesionais.

Pois ben, na nosa comunidade autónoma non existe, mais alá daquela previsión, regulación ningunha das concesións portuarias, sendo así que a Administración autonómica vén aplicando supletoriamente a normativa que nesta materia contén a Lei 48/2003, do 26 de novembro, de réxime económico e de prestación de servizos nos portos de interese xeral.

Verbo deste particular, sinalou este Consello Consultivo no CCG 489/10 que non existía obxección ningunha a que o operador xurídico, a falta dunha regulación autonómica propia, aplique o procedemento que, axustado ás prescricións da LRXPAC, prevé a Lei 48/2003, do 26 de novembro, para a declaración da caducidade das concesións outorgadas nos portos de interese xeral.

Agora ben, se sinalaba no citado ditame, como a aplicación supletoria deste procedemento previsto na Lei 48/2003, non é admisible naqueles extremos nos que non existe unha normativa autonómica propia, pero si unha regulación estatal de carácter básico e directamente aplicable en caso de ausencia dun desenvolvemento normativo pola Comunidade Autónoma, neste caso a regulación contida no artigo 44.2 en relación co artigo 42.3, a) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Deste xeito, aínda que o artigo 123.2 da Lei 48/2003 prevé un prazo de seis meses para ditar resolución nos procedementos de declaración da caducidade das

concesións outorgadas en portos de interese xeral, este prazo non resulta aplicable aos procedementos desta índole que se inicien nos portos competencia da nosa Comunidade Autónoma.

E isto porque a ausencia dunha regulación autonómica propia non habilita para acudir a unha norma estatal que carece legalmente da nota de supletoriedade (*vid.* Sentenza do Tribunal Constitucional 61/1997, do 20 de marzo), pois xa a lei básica reguladora do procedemento administrativo común establece un prazo para ditar resolución nestes supostos: “2. *El plazo máximo en el que debe notificarse la resolución expresa será el fijado por la norma reguladora del correspondiente procedimiento. Este plazo no podrá exceder de seis meses salvo que una norma con rango de Ley establezca uno mayor o así venga previsto en la normativa comunitaria europea.*

3. Cuando las normas reguladoras de los procedimientos no fijen el plazo máximo, éste será de tres meses. Este plazo y los previstos en el apartado anterior se contarán: a) En los procedimientos iniciados de oficio, desde la fecha del acuerdo de iniciación.”

Neste punto, aínda que referíndose aos procedementos de resolución contractual, sinala o Tribunal Supremo na súa sentenza do 13 de marzo de 2008 como “*la Ley 30/1992 regula los efectos de la inactividad en los procedimientos iniciados de oficio con vocación de generalidad, de aplicación en principio a todos ellos; y que con igual vocación dispone que la consecuencia ligada a esa inactividad en los procedimientos susceptibles de producir efectos desfavorables es la de que “se producirá la caducidad”.*

Polo tanto, o prazo máximo para ditar resolución nos procedementos de caducidade das concesións administrativas será de tres meses desde a data do acordo de iniciación, producíndose, no caso de demora superior a tal prazo, a caducidade do procedemento con arquivo do actuado.

4.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS

4.1. – A perda de oportunidade como concepto indemnizatorio distinto do lucro cesante

Como xa se sinalou na Memoria de actividades deste Alto órgano consultivo correspondente ao ano 2008, a perda de oportunidade constitúe un concepto indemnizatorio habitualmente empregado por este Consello nos expedientes de responsabilidade patrimonial das administracións públicas no ámbito sanitario. Sinalábase naquela memoria como a perda de oportunidade resulta recoñecible naqueles casos nos que non resulta posible probar unha relación de causalidade directa entre o acto

médico e o dano sufrido polo particular, aínda que se aprecian datos ou elementos conforme aos que se estima probable que o resultado danoso non tería ocorrido, de darse unha actuación médica adecuada ás circunstancias do caso.

Nestes supostos o que se trata de indemnizar non son as lesións ou secuelas concretas que lle restan ao paciente, senón a perda dunha alternativa no tratamento, asimilándose, logo, a “*perda de oportunidade*” a unha sorte de dano moral en canto incerteza verbo da evolución dos feitos de ter funcionado correctamente o servizo.

Cómpre agora notar como a aplicación desta teoría da perda de oportunidade non se circunscribe exclusivamente ao eido sanitario, e así o Consejo de Estado ten admitido a posible indemnización da perda de oportunidades laborais (ditame 221/1994, do 28 de abril) ou procesuais (ditame 1040/2001, do 31 de maio), enlazando neste último ámbito coa xurisprudencia do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos (entre outras, a sentenza do 9 de abril de 1984).

En concreto, no ámbito da licitación pública, o Consello Consultivo de Galicia admitiu no CCG 570/10 a posible indemnización daquela perda de oportunidades con ocasión da anulación da adxudicación provisional dunhas emisoras de radiodifusión sonora.

No expediente de razón suscitábase, entre outros aspectos, a solicitude dunha indemnización por lucro cesante e pola perda de oportunidades derivada da anulación xudicial da adxudicación provisional referida, licitación á que concorrera a entidade agora reclamante.

Efectivamente, verbo da licitación en cuestión recaera sentenza firme do Tribunal Superior de Xustiza, sentenza que admitía un irregular funcionamento do servizo na adxudicación provisional das emisoras comerciais, e isto por mor da falta dunha xustificación razoable da puntuación outorgada ás adxudicatarias provisionais fronte á asignada á entidade reclamante.

Sen embargo, como se salientaba no CCG 570/10, a resolución xudicial non recoñeceu dereito algún á entidade reclamante a ser adxudicataria provisional das emisoras en cuestión, senón que se limitou a anular a adxudicación provisional daquelas pois, como é reiterada doutrina constitucional (entre outras, as Sentenzas do Tribunal Constitucional 73/1998, do 3 de marzo, e 17/2009, do 26 de xaneiro), aos tribunais de xustiza corresponde controlar as puntuacións outorgadas pola Administración, non valorar ou puntuar eles mesmos conforme aos baremos aplicables.

Partindo, logo, da falta dunha declaración do dereito da actora a ser adxudicataria provisional, entendeu o CCG 570/10 que non procedía recoñecer á entidade reclamante indemnización ningunha en concepto de lucro cesante, pois a inexistencia dunha proba suficiente daquel dereito desvirtuaba a nota de realidade que preci-

sa todo dano para a súa indemnización (artigo 139.2 da LRXPAC), convertendo o lucro cesante polo que se reclamaba nun dereito hipotético non susceptible de compensación pola vía da responsabilidade patrimonial (neste sentido, a Sentenza do Tribunal Supremo de data 22 de febreiro do 2006).

Esta conclusión cobraba ademais especial forza se se consideraba que, contra o que semellaba apuntar a parte actora no seu escrito de reclamación, tampouco a simple adxudicación provisional das emisoras atribuíña, *per se* e con carácter definitivo, o dereito a emitir. Como se desprende inequivocamente da normativa reguladora da concesión das emisoras en cuestión, o dereito de emisión quedaba condicionado a unha serie de trámites tales como a presentación no prazo de dous meses dun proxecto técnico que había de aprobar a Dirección Xeral de Medios de Comunicación do Ministerio, a realización das obras e instalacións correspondentes, e a declaración de conformidade daquelas co proxecto por parte dos Servizos Técnicos da Dirección Xeral de Telecomunicacións, previo ditame da Dirección Xeral de Medios de Comunicación.

Estas consideracións foron tamén aplicadas no CCG 570/10 á solicitude dunha indemnización pola perda de oportunidades da empresa reclamante por mor do irregular funcionamento do servizo público.

Así, se sinalaba no ditame como a “*perda de oportunidades*” non pode equipararse ao lucro cesante, senón simplemente a unha sorte de dano moral derivado da incerteza da sucesión dos feitos de ter actuado o servizo correctamente (neste sentido, o CCG 243/09).

Por outra banda, notábase que a “*perda de oportunidades*” tiña que ser “*real*”, requisito que non semellaba concorrer no suposto examinado; tratábase da simple expectativa dunha adxudicación provisional, xa que nin a sentenza recaída no asunto nin as circunstancias do caso permitían concluír indubítadamente na procedencia de recoñecer á actora a condición de adxudicataria provisional das emisoras, pois a baremación das solicitudes presentadas, como xa se sinalou, é labor que non corresponde aos tribunais e, moito menos, a este órgano consultivo.

A esta circunstancia se engadía o feito de que, como tamén se apuntou anteriormente, a propia normativa reguladora das concesións esixía, trala fase de adxudicación provisional, a necesidade de cumprimentar unha serie de trámites, o que, unido á falta de constancia no expediente do dereito da reclamante a ser adxudicataria provisional, diluía a realidade daquelas oportunidades, converténdoa en evanescentes ou meras expectativas.

Outra, loxicamente, sería a conclusión no caso de que a entidade reclamante tivese recoñecido o seu dereito a ser adxudicataria provisional, cobrando neste caso forza a posibilidade dunha perda de oportunidades susceptible de indemnización.

4.2.- Dous concretos supostos de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas: o *mobbing* e a declaración de ruína dun inmovible

No CCG 27/10 analizouse unha reclamación de responsabilidade patrimonial presentada por unha funcionaria polo acoso laboral ou “*mobbing*” que refería sufrir no seu posto de traballo.

Neste punto hai que sinalar que o acoso laboral o “*mobbing*” é conceptualizado como a actuación dunha persoa ou grupo que, de forma sistemática e grave, realiza fustrigamento sobre un traballador en menoscabo da súa dignidade.

Pois ben, en reclamacións de similar natureza o Consejo de Estado ten declarado (entre outros, os ditames 158/2006, do 9 de marzo; 2028/2006, do 1 de febreiro; 136/2008, de 13 de marzo ou 1124/2008, do 9 de outubro) que a consideración do acoso laboral ou “*mobbing*” como unha conduta ilícita dun funcionario tería o seu encadre na normativa do réxime disciplinario dos funcionarios. Neste sentido, a xuízo do Consejo de Estado, a vía da responsabilidade patrimonial da Administración pública non constitúe a canle adecuada para declarar a existencia dunha suposta conduta de “*mobbing*”, de xeito que tampouco podería recoñecerse unha indemnización polo suposto prexuízo causado por tal conduta ilícita, cando a existencia desta non ten sido formalmente declarada. En parecido sentido tamén se pronuncia a Sentenza do Tribunal Supremo do 26 de xaneiro de 2009.

Sen embargo, como se sinalou no CCG 27/10, esta doutrina ha de modularse no suposto de que, coñecida a situación de acoso laboral polos responsables administrativos do centro de traballo, estes non fixeran nada por evitala.

A este respecto, como lembra o Consello Consultivo no seu ditame, hai que ter en conta que existe un deber xeral dos poderes públicos –no ámbito da administración pública obviamente tamén- de respecto ao dereito fundamental de integridade física e moral consagrado no artigo 15 da nosa CE, como emanación do principio de dignidade da persoa, así mesmo contemplado no seu artigo 10.1. Correlativamente, o funcionario ten dereito a obter da Administración unha conduta activa para previr o dano a súa dignidade.

Deste xeito, haberá de admitirse a posibilidade de declarar a responsabilidade da administración pública e, conseguintemente, de indemnizar o dano moral que leva consigo unha situación tal, cando conste acreditada, por unha banda, a situación de acoso laboral e, por outra, a inactividade da Administración pública pese a ter coñecemento dos feitos.

Polo que atinxe a o outro suposto concreto de responsabilidade, no CCG 81/10 examinouse un expediente de responsabilidade patrimonial iniciado a instancia duns inquilinos que foron desaloxados duns locais arrendados ao non acometer os propie-

tarios dos inmobles as obras de mantemento necesarias. Os reclamantes alegaban que o Concello tiña o deber de realizar as obras de mantemento necesarias para evitar o estado ruinoso do edificio unha vez que se constatará que os propietarios non accedían a realizar estas, existindo logo unha inactividade administrativa “*inxustificada*”.

Neste punto entendeu este Alto órgano consultivo que, sen prexuízo das competencias outorgadas aos concellos en materia de conservación das edificacións, non pode obviarse que o verdadeiro deber de conservación dos edificios recae fundamentalmente nos propietarios daqueles. Así se desprende dos artigos 9.1 do Real decreto legislativo 2/2008, do 20 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da lei do Solo, 10 do Real decreto 2187/1978, do 23 de xuño, polo que se aproba do regulamento de disciplina urbanística e, sobre todo, do artigo 9 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e de protección do medio rural de Galicia.

E o artigo 1907 do Código Civil establece as consecuencias do incumprimento desta responsabilidade cando afirma como “*el propietario de un edificio es responsable de los daños que resulten de la ruína de todo o parte de él, si ésta sobreviniere por falta de las reparaciones necesarias*”.

Precisamente con base na responsabilidade última dos propietarios do inmovible verbo da súa conservación, a Sentenza do Tribunal Supremo do 5 de xaneiro de 1990 entendeu que “*las potestades de vigilancia y ejecución administrativas non empecen a la obligación del propietario de conservar el inmueble, de tal suerte que la actividad de aquella puede ser un condicionante pero no la causa verdadera de la ruína*”.

De xeito que, entendeu o CCG 81/10 que, se en supostos como o examinado se recoñecera a responsabilidade patrimonial da administración, se produciría un traslado da responsabilidade do ámbito do propietario ao do concello, tendo por tanto aqueles os beneficios mais non as cargas do dereito de propiedade.

Admite o ditame que algunha sentenzas, como a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Andalucía de 22 de febreiro do 1999, afirman, non obstante, que “*si bien es cierto que a éste (el propietario) corresponde el deber primario de mantener la edificación en las debidas condiciones de seguridad, también lo es, que en caso de no atender los requerimientos que a tal efecto le curse el Ayuntamiento y sin perjuicio de la adopción de las medidas de policía que correspondan, la Corporación Local puede y debe acordar la ejecución subsidiaria de las medias de seguridad*”.

Agora ben, tales pronunciamentos xudiciais que, sen desbotar a responsabilidade do propietario do inmovible, aprecian unha concorrencia de culpas coa Administración, baséanse na normativa estatal que impón a obriga de realizar tales obras de mantemento aos concellos, subsidiariamente, e non na normativa autonómica galega.

En efecto, a normativa galega, fundamentalmente o artigo 199.4 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e de protección do medio rural de Galicia, a diferenza desta normativa estatal (art. 10 RDU), non impón esta obriga aos concellos, senón que a configura como unha facultade nos termos seguintes “*En caso de incumprimento da orden de execución de obras, a Administración municipal procederá á execución subsidiaria da mesma ou a execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas de 300 a 6.000 €[...]*”.

Tal aspecto relativiza, loxicamente, a posible responsabilidade patrimonial da Administración, aínda no caso de seguir a liña xurisprudencial máis favorable a tales pretensións. E, así, o Consello Consultivo, á vista do citado artigo, acolleu no CCG 81/10 a liña xurisprudencial marcada pola sentenza do Tribunal Supremo do 16 de febreiro de 1999, que exonera de responsabilidade aos concellos nestes supostos nos seguintes termos: “*Como dice la Sentencia de 5 de enero de 1990, reiteradamente invocada en el proceso por la parte demandada, ciertamente los preceptos citados como infringidos imponen a los ayuntamientos como función de policía urbana para velar por la seguridad de personas y cosas el obligar a los propietarios de edificaciones a la realización de las obras necesarias para que conserven sus condiciones de seguridad, más también son concluyentes en asignar a los propietarios el deber de mantener los edificios en las debidas condiciones de seguridad. Se contraponen, así, dos distintos deberes, el de vigilancia y prevención, a cargo de los ayuntamientos, y el de conservación de los edificios, de cuenta de sus propietarios. La omisión o defectuoso cumplimiento del primero en modo alguno puede exonerar a los propietarios del suyo y de las consecuencias derivadas de su incumplimiento, ya que ello supondría legitimar la omisión de una obligación por la simple excusa de no haber sido compelido a cumplirla*”.

4.3.- O principio de eficacia, coordinación e servizo aos cidadáns na tramitación dos expedientes de responsabilidade patrimonial

O artigo 103 de CE establece como a administración pública serve con obxectividade os intereses xerais e actúa de acordo cos principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación, con sometemento pleno á lei e ao dereito.

Paralelamente, o artigo 3.2 da LRXPAC dispón como “*Las Administraciones públicas, en sus relaciones, se rigen por el principio de cooperación y colaboración, y en su actuación por los criterios de eficiencia y servicio a los ciudadanos*”, engadindo o artigo 4.1 c) do antedito texto legal que as administracións públicas actúan e se relacionan de acordo co principio de lealtade institucional e, en consecuencia, deberán “*facilitar a las otras Administraciones la información que precisen sobre la actividad que desarrollen en el ejercicio de sus competencias*”.

Pois ben, tales principios de actuación esixen unha determinada actuación da administración pública ante a que o cidadán interpón unha reclamación de responsabilidade patrimonial e que, non obstante, resulta incompetente para coñecer daquela. Ha de notarse neste punto que, en ocasións, sobre un mesmo servizo público inciden competencias de distintas administracións públicas, resultando difícil para o particular interesado determinar a que concreta estrutura administrativa debe imputar o dano que se lle causou.

Nestes supostos, os principios de eficiencia e servizo aos cidadáns esixen que a administración ante a que se interpón a reclamación de responsabilidade patrimonial e que se declara incompetente *ab initio* mediante a inadmisión da reclamación ou, unha vez tramitado o procedemento, mediante a desestimación daquela, remita o actuado á administración que estime competente para a resolución da reclamación.

Como ten sinalado este Consello Consultivo (entre outros, o CCG 456/10), este proceder vén imposto polos principios de colaboración e cooperación que han de rexer as relacións entre as administracións públicas, e os principios de eficiencia e servizo aos cidadáns. En concreto, a necesaria colaboración entre as administracións públicas esixe que se facilite á Administración presuntamente responsable o exercicio das súas competencias propias; e o principio de eficiencia e servizo aos cidadáns que se lles facilite tamén a eles o exercicio dos seus dereitos informándolos dos requisitos das súas actuacións sen innecesarios trámites e dilacións, o que será certamente máis doado se directamente se remite a reclamación e, no seu caso, o actuado, á Administración competente para resolver, previa comunicación, iso si, ao interesado.

Finalmente estes principios de eficiencia e servizo aos cidadáns demandan unha áxil tramitación e resolución deste tipo de procedementos.

Sen descoñecer a dificultade de ditar resolución administrativa en prazo en expedientes de certa complexidade e en cuxa tramitación han de evacuarse distintos informes, non pode deixar de notarse a excesiva dilación na tramitación que, en ocasións, se observa nos expedientes de responsabilidade patrimonial no ámbito sanitario. Dilación que, ademais, se produce no intre da remisión dos expedientes para o seu preceptivo ditame por este Consello Consultivo, mediando incluso anos (neste sentido, o CCG 452/10) entre a elaboración da proposta de resolución e a remisión do expediente a este órgano consultivo.

- ANEXO -

ÍNDICE NUMÉRICO DE DITAMES

1/10

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por don J. M. G. C., polos danos sufridos na súa motocicleta ao caer como consecuencia da existencia de xabre na calzada.

2/10

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por don J. M. F. O., polos danos sufridos no seu vehículo ao accionarse os bolardos de acceso a unha rúa.

3/10

Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en química industrial.

4/10

Proxecto de decreto polo que se modifican os decretos 216/2008, 218/2008, 222/2008 e 224/2008, do 25 de setembro, polos que se establecen os currículos do ciclos formativos de grao medio correspondentes aos títulos de técnico en emerxencias sanitarias, técnico en cociña e gastronomía, técnico en mecanizado e técnico en panadaría, repostaría e confeitaría.

5/10

Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en automoción.

6/10

Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en patronaxe e moda.

7/10

Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en xestión de aloxamentos turísticos.

8/10

Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico en farmacia e parafarmacia.

9/10

Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en soldadura e caldeiraría.

10/10

Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en sistemas microinformáticos e redes.

11/10

Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en instalacións eléctricas e automáticas.

12/10

Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en sistemas aceites de oliva e viños.

13/10

Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en sistemas audioloxía protésica.

14/10

Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en sistemas vitivinicultura.

15/10

Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico en confección e moda.

16/10

Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en programación da produción en fabricación mecánica.

17/10

Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior de desenvolvemento de proxectos de instalacións térmicas e de fluídos.

18/10

Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en mantemento de instalacións térmicas e de fluídos.

19/10

Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico en carrozaría.

20/10

Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en planta química.

21/10

Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en construcións metálicas.

22/10

Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en eficiencia enerxética e enerxía solar térmica.

23/10

Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en servizos de restauración.

24/10

Consulta facultativa sobre a concesión dunha subvención á Asociación Cultural A Fouce de Ouro.

25/10

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por dona M. C. M. G., na que reclama unha indemnización polos danos sufridos por non poder recibir ningún chamamento das listas de contratación temporal debido a unha tardía notificación do seu cesamento e que deu lugar a un procedemento de reintegro por cobro indebido.

26/10

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por don J. P. L., polas lesións sufridas polo seu fillo ao caer cando realizaba un exercicio de ximnasia.

27/10

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por dona L. C. P., polas lesións á súa integridade moral sufridas no seu posto de traballo.

28/10

Proxecto de decreto polo que se regulan as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia.

29/10

Proxecto de decreto polo que se aproba o regulamento de símbolos das entidades locais de Galicia.

30/10

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por don L. C. D., polos danos sufridos

ao chocar cun xabaín que irrompeu de súpeto na estrada.

31/10

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por don J. P. P., polos danos producidos na súa propiedade como consecuencia dunhas obras.

32/10

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por don A. P. A., polas lesións sufridas por mor dunha caída na beirarrúa.

33/10

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por don A. B. Q. V., polos danos producidos nun vehículo como consecuencia dun sumidoiro sen tapa.

34/10

Revisión de oficio da licenza concedida a don M. M. M., para a construción dunha vivenda unifamiliar.

35/10

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por don J. R. T., polos danos causados ao seu vehículo ao chocar cuns obstáculos de cemento que se atopan na dita rúa.

36/10

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por dona M. D. S. A., polas lesións sufridas por mor dunha caída na beirarrúa.

37/10

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por dona J. R. P., polas lesións sufridas por mor dunha caída na beirarrúa.

38/10

Proxecto de decreto polo que se resolve o expediente de deslinde entre os termos municipais dos Concellos de Manzaneda e Pobra de Trives.

39/10

Proxecto de decreto polo que se resolve expediente de deslinde entre os termos municipais dos concellos de Caldas de Reis e Moraña.

40/10

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por don R. M. F., polos danos producidos na súa vivenda, como consecuencia da rotura dunha canalización da traída da auga.

41/10

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por don M. G. M., polos danos producidos

dos na súa vivenda como consecuencia das filtracións derivadas da rotura do colector xeral.

42/10

Revisión de oficio dunha licenza de parcelación dunha finca matriz, en cuxo interior se atopa unha edificación denominada Villa Araucaria, concedida a don A. L. C.

43/10

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por don M. F. L., polos danos producidos no seu barco, amarrado no porto de Ribeira, como consecuencia dos golpes contra o peirao debido ao vento.

44/10

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por dona A. M. F. Á., polas lesións sufridas ao caer pola existencia dunha focha na rúa.

45/10

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por don A. L. M., por considerar que foi contagiado de hepatite C no Servizo Galego de Saúde.

46/10

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por dona M. C. R. C. e outras, polo falecemento da súa filla, como consecuencia da demoira no diagnóstico dun carcinoma epidermoide de lingua.

47/10

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por dona N. R. V., polos danos causados ao seu pai, que faleceu logo de ser sometido a unha nefrectomía radical por sufrir carcinoma.

48/10

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por dona V. D. F., polos danos que lle foron causados tras ser intervida de obesidade mórbida.

49/10

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por dona M. D. B. L., polas lesións e secuelas producidas á súa filla, ao sufrir unha caída fortuíta e diagnosticarlle un traumatismo que lle afectou ao cóbado.

50/10

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por don J. R. V. polas secuelas que lle quedaron logo de ser sometido a unha intervención cirúrxica na man dereita por unha fractura nela.

51/10

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por dona M. C. G. P., na representación de P., S.L. polos danos e perdas derivados da inactividade de Augas de Galicia no saneamento e control de vertidos na ría do Burgo o que lle impediu a comercialización dos seus produtos.

52/10

Proxecto de decreto polo que se regula o procedemento para o nomeamento de persoal emérito no ámbito sanitario.

53/10

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por don A. V. F., en representación de A., polos danos sufridos no vehículo propiedade da dita entidade como consecuencia da caída dunha árbore.

54/10

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por don C. G. Q., polos danos que lle foron causados tras sufrir complicacións a raíz dunha fractura no nocello e terlle que amputar finalmente a perna.

55/10

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por dona M. C. P. F. e do seu fillo don M. P. P., polo falecemento do seu esposo e pai, logo de acudir en diversas ocasións ao seu centro médico e diagnosticarlle unha gripe.

56/10

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por don M. F. I., polos danos derivados da intervención que lle foi practicada nun ollo, con perda da visión.

57/10

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por dona C. L. L., celadora no Complexo Hospitalario de Vigo, polas lesións sufridas no desempeño da súa actividade, ao caer polas escaleiras mecánicas do dito centro.

58/10

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por dona S. G. V., polas lesións que sofre, segundo ela, como consecuencia das condicións nas que prestaba servizos no Complexo Hospitalario de Pontevedra.

59/10

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por dona M. E. P. R., polos danos derivados da asistencia sanitaria que lle foi prestada tras practicárselle unha nefrectomía laparoscópica.

60/10

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por don F. C. T., pola amputación sufrida no seu dedo índice da man esquerda logo de acudir por un accidente.

61/10

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por dona M. C. P. I., polas secuelas derivadas do recambio de prótese da cadeira dereita.

62/10

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por don J. D. G. e dona E. P. P., polo falecemento dun dos seus fillos, un mes despois do parto.

63/10

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por don A. D. P., polos danos derivados da asistencia sanitaria que lle foi prestada tras ser ingresado por sufrir un accidente de tráfico e dalo de alta sen asegurarse de que padecía unha fractura cervical.

64/10

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por don B. M. H., polos danos derivados da asistencia que lle foi prestada, tras ser intervido por un desprendemento de retina e ter que acudir á sanidade privada.

65/10

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por don R. A. C. P., polos danos derivados da asistencia que lle foi prestada tras ser intervido dunha dermolipectomía abdominal.

66/10

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por don P. C. F., tras ser ingresado por un brote psicótico e non ser vixiado adecuadamente de forma que escapou.

67/10

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por dona D. F. E., polo extravío da súa dentadura na habitación do hospital no que estaba ingresada.

68/10

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta pola entidade A., S.L., polos danos sufridos nunha ambulancia no túnel de urxencias do Hospital Xeral de Vigo ao pechar o portalón de acceso e caer enriba do vehículo.

69/10

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por dona M. L. B. R., polo falecemen-

to da súa nai ao demorarse no diagnóstico dun cáncer.

70/10

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por dona M. E. A. L. e don M. G. A., polas lesións sufridas pola Sra. A. ao precipitarse ao baleiro na Clínica La Merced na que estaba ingresada por unha esquizofrenia paranoide.

71/10

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por don J. M. G. H., para o reintegro dos gastos derivados da asistencia sanitaria privada recibida.

72/10

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por don A. R. A., polos danos que lle foron ocasionados como consecuencia de esquecer unha gasa no seu interior tras unha intervención cirúrxica.

73/10

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por don D. R. G., polos danos e lesións producidos ao esvarar o seu vehículo sobre un cartel anunciador dunha exposición de artesanía.

74/10

Proxecto de decreto polo que se regula a forma de resolución no suposto de concorrencia de dúas ou máis solicitudes de autorizacións administrativas de instalacións de transporte secundario e distribución de gas natural e instalacións de GLP a granel.

75/10

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por dona A. M. S. S., como administradora de M., SL por compensación dos danos e perdas ocasionados por incautación en expediente sancionador.

76/10

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por M. R. V., polos danos sufridos durante a celebración da Feira Franca 2007.

77/10

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por E. D. P., polos danos causados no seu vehículo por mor do asolagamento da estrada.

78/10

Proxecto de decreto polo que se desenvolve o capítulo III do título II da lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación das policía locais.

79/10

